



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 5 de xullo de 2018**

**ASISTENTES:**  
**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día cinco de xullo de xullo de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(699).- ACTA ANTERIOR.** Apróbbase a acta da sesión ordinaria do 21 de xuño e extraordinaria e urxente do 26 de xuño de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(700).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DE EXACCIÓNS UNIFICADAS DE INDUSTRIAIS (LIXO COMERCIAL E VADOS)-EXERCICIO 2018. EXPTE. 50499/516.**

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, de data 20/06/18, que di o seguinte

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral),

De conformidade co Informe-Proposta da Dirección de Ingresos de 20 de xuño de 2018,

**RESOLVO:**

**1.- Aprobar o Padrón Fiscal de Exaccións Unificadas de Industriais do ano 2018** (taxa de lixo industrial e comercial e taxas por entradas de vehículos e reserva especial de aparcamento) por importe total de **6.690.944,25 Euros (SEIS MILLÓNS SEISCENTOS NOVENTA MIL NOVECENTOS CORENTA E CATRO CON VINTE E CINCO)**, segundo relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 51421 que figura a nome de "144 RPM CB" polo establecemento sito en RU CANCELEIRO 1 BX, e remata coa inscrición nº 5091 que figura a nome de "ÑAMPA VIGO SL" polo local sito en RU VALENCIA 12 BX, cun total de 22.826 inscricións e correspondendo a:

- Taxa de lixo comercial .....	<b>5.092.081,30.- Euros</b>
- Entrada vehículos .....	<b>1.568.051,75. - Euros</b>
- Reservas aparcamento .....	<b>30.811,20.- Euros</b>

**2.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2. da Ordenanza Fiscal Xeral.

**3.- Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días naturais, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.



## Concello de Vigo

### **3(701).- PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICI-PAIS – 2018. EXPTE. 154507/301.**

Visto o informe xurídico do 18/06/18 e o informe de fiscalización do 25/06/18, dáse conta do informe-proposta do 18/06/18, asinado pola xefa do servizo de Benestar Social, o xefe de Área e a concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

#### I. ANTECEDENTES

I.1. Con data 04.06.2018 a Concelleira delegada de Política Social, á vista do informe do Xefe de Área de Bnestar social da mesma data, resolveu iniciar o expediente do «PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS – 2018» para a súa presentación perante a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, a fin de obter as axudas destinadas ó cofinanciamento da prestación dos servizos sociais no Concello de Vigo reguladas no Decreto 99/2012, do 16 de marzo de 2012 (DOG nº 63, do 30.03.2012) e normativa complementaria.

I.2. O artigo 43 do precitado Decreto 99/2012, modificado polo posterior Decreto 148/2014, do 6 de novembro, regula a iniciación do procedemento, concretando no seu apartado 1.b) que o Proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais deberá ser aprobado polo órgano competente da Corporación Local, facendo constar expresamente a continuidade na prestación deses servizos.

I.3. No DOG nº 140, do 26.07.2016 publicouse a Orde do 13.07.2016 pola que se modifican os módulos económicos para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios establecidos no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Esta norma, que entrou en vigor ó día seguinte da súa publicación, modificou o Art. 47.3 do Decreto 99/2012, determinando unha modificación da estrutura dos módulos de financiamento e unha actualización á alza das súas contías. O indicado Art. 47.3 quedou redactado da seguinte maneira:

*«3. Para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios, e tomando como referencia o persoal financiado e correctamente xustificado no exercicio inmediatamente anterior, aplicaranse os seguintes módulos económicos:*

Categoría profesional	Módulo
A 1/Grupo I	20.229,00 €
A 2/Grupo II	16.815,00 €

  

Categoría profesional	Módulo
C 1/Grupo III	15.144,00 €
C 2/Grupo IV	13.472,00 €
Agrupacións profesionais/Grupo V	9.426,00 €

## II. INFORME

II.1. Mediante Decreto 99/2012, do 16 de marzo, reguláronse os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, producíndose un cambio de procedemento: do anterior baseado na convocatoria anual de subvencións a outro de transferencias de ciclo anual para dar continuidade a uns servizos fundamentais prestados á cidadanía polas Corporacións Locais (“Plan concertado”).

II.2. O Decreto 99/2012, modificado polo posterior Decreto 148/2014 do 6 de novembro, ademáis de desenvolver a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, recolle entre os seus obxectivos o de establecer os mecanismos que permitan a transferencia automática ós entes locais das cantidades que anualmente lles correspondan en concepto de cota fixa polo “Plan concertado” de servizos sociais.

II.3. As cantidades que perciban as entidades locais como titulares dos servizos sociais comunitarios e beneficiarias, polo tanto, das transferencias para o seu financiamento, diferencianse entre transferencias correntes e transferencias de capital. Estas poderán ter como finalidade novos investimentos en centros de servizos sociais, o seu equipamento ou a adaptación e mellora da accesibilidade das instalacións. As transferencias correntes enfócanse ó financiamento dos gastos de persoal, indemnizacións por razón de servizo e formación, servizos de axuda no fogar e sostemento doutros programas de actuación comunitaria.

## III. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o «PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS – 2018», elaborado polo Servizo de Benestar social do Concello de Vigo, de acordo coa documentación que obra no expediente administrativo nº 154507/301 (2018).

SEGUNDO: Facer constar expresamente, para os efectos do disposto no Art. 43 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo de 2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, a **continuidade na prestación destes servizos no Concello de Vigo**.

TERCEIRO: Solicitar á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal que ascende a un importe total, segundo se reflicte no resumo xeral adxunto, de **8.995.644,96 €** co seguinte detalle:

-Persoal: 853.301,00 €  
-Mantemento: 2.063,52 €  
-Axuda no fogar:

\*Modalidade de prestación básica: 759.762,50 €

\*Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 2.331.142,80 €

-Xestión de programas: 5.049.375,14 €



## Concello de Vigo

CUARTO: Adóptase ademais o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no Proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ó exercicio 2018, na contía de **5.811.957,20 €**, que supón unha porcentaxe do 39,25% sobre o orzamento total do Proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

QUINTO: Facer constar que a sinatura de todos os documentos e comunicacións e a orde e visto e prace das certificacións que se remitan á Consellería de Política Social relacionadas co presente expediente, correspóndelle á Concelleira delegada de Política, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez, segundo Decreto de delegacións de data 19 de xuño de 2015».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(702) PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE EXPOSICIÓN DUN BELÉN MONUMENTAL DURANTE A CAMPAÑA DO NADAL 2018-2019. EXPTE. 5279/106**

Visto o informe de fiscalización do 26/06/18, dáse conta do informe-proposta do 25/06/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 25 de xuño de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de exposición dun belén monumental durante a campaña do nadal 2018-2019 (5.279-106)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos de exposición dun belén monumental durante a campaña do nadal 2018-2019 (5.279-106)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 31 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos de exposición dun belén monumental durante a campaña do nadal 2018-2019 (5.279-106) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA	78,50

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 970,22 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA, o día 5 de xuño de 2018, que presenta a documentación requirida o 14 de xuño, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 18 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, resultando incompleta polo que acordou, por unanimidade, conceder un prazo de tres días hábiles á AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA para que completase a documentación requirida o 5 de xuño de 2018.

Con data do 21 de xuño a citada asociación presentou nova documentación, que foi revisada pola Mesa de Contratación na sesión do 25 de xuño. Sendo correcta a documentación a Mesa acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA, como a solicitada de oficio pola



## Concello de Vigo

Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor de datas 14 e 16 de maio de 2018 e do acordo da Mesa de Contratación do 24 de maio, de valoración do sobre C.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do RLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar á AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA o procedemento aberto para a contratación de servizos de exposición dun belén monumental durante a campaña do nadal 2018-2019 (5.279-106) por un prezo total de 55.000 euros (exento de IVE).*”

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(703).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ELABORACIÓN E POSTERIOR REVISIÓN, ACTUALIZACIÓN E IMPLANTACIÓN DE PLANS DE AUTOPROTECCIÓN OU NORMAS DE ACTUACIÓN NO CASO DE EMERXENCIA NOS CENTROS ONDE SE DESENVOLVEN ACTIVIDADES DE TITULARIDADE MUNICIPAL, RELACIONADOS NO PPT. EXPTE- 29372/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/06/18, dáse conta do informe-proposta de data 28/06/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de xuño de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (29.372-220)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (29.372-220)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 7 de xuño de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (29.372-220) na seguinte orde descendente:*

<b>LICITADOR</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD	80
PREVINEM	74,41
COORDINACIÓN DE SEGURIDAD Y PROYECTOS	67,15
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	66,04
PEDRO MURCIEGO DELGADO	61,24





## Concello de Vigo

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 941,94 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L., o día 12 de xuño de 2018, que presenta a documentación requirida o 21 de xuño de 2018, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 28 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 16 e 21 de maio e 4 de xuño de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (29.372-220) por un prezo total de 67.706,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.750,76 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(704).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE BALONMÁN POLA ORGANIZACIÓN NA CIDADE DE VIGO DO “CAMPIONATO DE ESPAÑA DE SELECCIÓN AUTONÓMICAS E O TORNEO INTERNACIONAL DE BALONMÁN” DO 2 O 7 DE XANEIRO DE 2018. EXPTE. 17156/333.**

Visto o informe xurídico do 23/05/18 e o informe de fiscalización do 26/06/18, dáse conta do informe-proposta do 19/04/18, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Concelleiro delegado da área de deportes resolveu en data 17/04/18 que se iniciase a tramitación do expediente de subvención a favor da Federación Española de balonmán en relación á celebración do Campionato de España de Seleccións autonómicas (En adiante CESA) e o Torneo Internacional de España de balonmán (En adiante TIE), celebrados na cidade de Vigo entre o 2 e o 7 de xaneiro de 2018.

Os eventos tiveron lugar entre os días 2 e 7 de xaneiro de 2018 nas distintas instalacións deportivas municipais, e están directamente relacionados co convenio de colaboración asinado o 28/12/17 entre o Concello de Vigo, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra “*para o desenvolvemento dun programa de promoción deportiva do balonmán a través da organización de acontecementos deportivos*”

Os eventos foron organizados pola Federación Española de Balonmán, entidade que exerce, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo, actuando como axente colaborador da Administración pública, que polo tanto posúe os dereitos da competición, e que



## Concello de Vigo

contou ademais con gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto autonómicos como nacionais.

D. Francisco Vidal Blázquez García ostenta o cargo de Presidente da Federación Española de Balonmán segundo acordo da Asemblea da mesma de data 01 de decembro de 2016 que se achega xunto á documentación que consta no expediente.

O carácter deportivo atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.I e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Con data 20 de novembro de 2015, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen os de promoción do deporte.

No Protocolo de colaboración estableceuse que as distintas actuacións previstas desenvolveranse a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

Ao amparo do Protocolo de colaboración entre o Concello de Vigo e a Excma. Deputación de Pontevedra, con data 28 de decembro, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva a través do balonmán (expediente 16870-333), co obxecto de coadjuvar ao desenvolvemento do Campionato de España de seleccións autonómicas e o Torneo Internacional de España de Balonmán.

Como resultado deste acordo, o servizo de deportes dispón dunha dotación de 100.000,00 €, na aplicación 3410.480.0005 do seu vixente orzamento.

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento do CESA e o TIE, segundo o presuposto presentado pola entidade Federación Española de balonmán, ascenden a un total de 283.014,00 euros, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

O réxime xurídico de aplicación da presente proposta de adxudicación de subvención atenderá ao previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións con relación á partida 3410.480.0005, que dispón do crédito necesario que dea cobertura á concesión dunha subvención directa por importe de 100.000,00 (cen mil euros) para o "Campionato de España de Seleccións autonómicas e o Torneo Internacional de España de balonmán"; xa que concorren razóns de interese público e social, así como de exclusividade que non permiten a convocatoria dunha concorrencia pública, dado que a Federación Española de Balonmán, CIF Q2878006B ostenta os dereitos competición obxecto da subvención ó exercer, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo, actuando como axente colaborador da Administración pública.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel

nacional e que conta cunha ampla promoción da actividade deportiva, tendo en conta ademais que a entidade ostenta os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

Esta proposta de subvención está suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social, que a entidade beneficiaria terá que xustificar axeitadamente.

A entidade encargouse da organización xeral do evento e asumiu todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenderon a un total de 283.014,00 euros, sendo que as partidas subvencionadas polo Concello as que se detallan na documentación anexa no expediente por importe de 100.000,00 €, o que supón un porcentaxe do 35,33% do total do gasto.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a resolución de concesión, e no seu caso os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións, establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na propia lei, e o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente:

a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto deportivo de promoción do balonmán "Campionato de España de seleccións autonómicas e o Torneo Internacional de España" celebrados entre o 2 e o 7 de xaneiro de 2018.

b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema



## Concello de Vigo

Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Federación Española de Balonmán, entidade que exerce, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo, actuando como axente colaborador da Administración pública, que polo tanto posúe os dereitos da competición, e que contou ademais con gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto autonómicos como nacionais, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

e) Que a Federación Española de Balonmán non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 17156/333.

f) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo o 1 de decembro de 2018.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

1. Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.

2. Que no caso de que os gastos presentados constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Renditas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

3. Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.

4. Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaron o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.

5. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

6. Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:

- . Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
- . Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
- . En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



## Concello de Vigo

i) A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

O texto da proposta incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que a proposta persegue.

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Que a Federación Española de Balonmán non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 17056/333.

A proposta de adxudicación directa ten natureza administrativa e rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado;

Que, de conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da proposta e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do Concelleiro de deportes e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

## **PROPOSTA:**

**PRIMEIRO.-** Que se aprobe o texto da proposta de adxudicación da subvención, que se achega no expediente, a favor da Federación Española de Balonmán, CIF Q2878006B, pola organización do Campionato de España de Balonmán de seleccións autonómicas e o Torneo Internacional de Balonmán, celebrados na cidade de Vigo entre o 2 e o 7 de xaneiro de 2018, de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:

a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto deportivo de promoción do balonmán “Campionato de España de seleccións autonómicas e o Torneo Internacional de España” celebrados entre o 2 e o 7 de xaneiro de 2018.

b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Federación Española de Balonmán, entidade que exerce, por delegación, funcións públicas





## Concello de Vigo

de carácter administrativo, actuando como axente colaborador da Administración pública, que polo tanto posúe os dereitos da competición, e que contou ademais con gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto autonómicos como nacionais, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

e) Que a Federación Española de Balonmán non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 17156/333.

f) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo o 1 de decembro de 2018.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

1. Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
2. Que no caso de que os gastos presentados constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
3. Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
4. Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
5. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá

substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

6. Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:

- . Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
- . Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
- . En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

i) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei



## Concello de Vigo

15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

**SEGUNDO.-** Que se autorice un gasto por importe de 100.000,00 euros, a favor da Federación Española de Balonmano, CIF Q2878006B, con cargo á aplicación presupostaria 3410.480.0005 do programa orzamentario da área de deportes para o vixente exercicio.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(705).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DE EDUCACIÓN, DAS LISTAS DEFINITIVAS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E LISTAS DE AGARDA NAS ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2018/2019. Expte. 22286/332.**

Dáse conta do informe-proposta de data 4/06/18, asinado polo técnico superior de Educación e a xefa do Servizo de Educación, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 22 de febreiro de 2018, acordou aprobar as "Normas para a adxudicación de prazas e matrícula nas escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2018-2019".

De conformidade co establecido na base Décima da referida Norma, o 31 de maio e o 1 de xuño de 2018, reuníronse as Comisións de Baremación e Selección de solicitudes das escolas infantís municipais. Nestas sesións, sobre o traballo realizado polo Negociado de escolas infantís do Servizo municipal de Educación, aprobáronse os listados definitivos unha vez aplicado o procedemento establecido nas citadas Normas, tendo en conta a documentación presentada polas persoas con praza provisional adxudicada, así como as reclamacións presentadas no prazo establecido. Nos dous anexos que acompañan a este informe (Anexo 1 "Cotexo de documentación das Listas de adxudicación de prazas e lista de agarda nas Escolas infantís municipais Curso 2018/2019" e Anexo 2 "Reclamacións presentadas ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2018-2019"), reflíctense os datos básicos que configuraron as listas definitivas que se achegan e que se someten a aprobación.

Á vista do anteriormente exposto, propónse á concelleira delegada de Educación, adoptar os seguintes acordos:

1) Estimar, polas razóns expostas en cada caso, as reclamacións nº 6, 9, 10, 11, 14, 15, 16, 17, 18 e 19 do Anexo 2 "Reclamacións presentadas ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2018-2019" deste informe.

2) Desestimar, polas razóns expostas en cada caso, as reclamacións nº 1, 2, 3, 4, 5, 7, 8, 12 e 13 do Anexo 2 "Reclamacións presentadas ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2018-2019" deste informe.

3) Aprobar definitivamente as listas de adxudicación de prazas e lista de agarda da Rede de Escolas Infantís Municipais (REIM): escolas infantís municipais de Santa Cristina-Lavadores, Mestres Goldar-Castrelos, Santa Marta-Casco Vello, Tomás Alonso, Atalaia-Teis, Navia, Bouzas e Costeira-Saiáns, para o curso 2018-2019, que se inclúen no expediente. Os solicitantes que figuren en situación de "Pendente completar documentación" disporán de 48 horas (contadas a partir da 00,00h do día 06/06/18) para achegar ao Servizo municipal de Educación a documentación pendente; de non facelo, decaerá o seu dereito á praza e chamarase ao seguinte da Lista de agarda (situación que tamén se dará no caso de que a puntuación final -tras a correspondente análise da documentación aportada- sexa menor que a teña o seguinte candidato da Lista de agarda).

4) Excluir do proceso de admisión, e polas razóns expostas en cada caso, ás persoas que figuran co epígrafe de "Excluído/a" nos listados do Anexo 1 "Cotexo de documentación das Listas de adxudicación de prazas e lista de agarda nas Escolas infantís municipais Curso 2018/2019"

5) Ordenar a publicación das citadas listas no taboleiro de anuncios das escolas infantís municipais e na páxina web [escolasvigo.org/reim](http://escolasvigo.org/reim).

6) Contra esta Resolución que finaliza a vía administrativa, poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou esta resolución no prazo dun mes dende o día seguinte á recepción da notificación ou publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

A concelleira-delegada de Educación con data 4/06/18, resolve de conformidade co precedente informe.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **8(706).- RECOÑECIMENTO DOS DEREITOS ECONÓMICOS POLA ASISTENCIA A TRIBUNAIS DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIAS DO "PROGRAMA DE INSERCCIÓN LABORAL DE MULLERES VITIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO" DO CONCELLO. EXPTE. 15444/77.**

Visto o informe de fiscalización do 22/06/18, dáse conta do informe-proposta do 18/06/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

I. A proposta da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 04/01/2018, acordou aprobar as bases reguladoras do Programa de Inserción Laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero do Concello de Vigo (expte. 14.691/77), en canto colectivo prioritario das políticas de emprego que ven desenvolvendo esta concellería no municipio, dirixida principalmente aos colectivos con maiores dificultades para integrarse laboralmente.

II. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 1 de marzo de 2018 (Expte. 14870/77), acordou aprobar a convocatoria e o formulario de solicitude para participar no procedemento de selección de **13** traballadoras (5 Auxiliares de Administración Xeral e 8 Subalternas, na categoría de Ordenanzas) conforme ás BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE VIGO; aprobar o gasto e, nomear aos membros da **Comisión de Selección** das candidatas beneficiarias ao programa de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero do Concello de Vigo, que percibirán as dietas previstas pola normativa en vigor como resultado da súa participación na mesma:

Presidente	Francisco J. Gutiérrez Orúe	Func.	A2	Xefe servizo
Secretaría	Carla Candia Paz	Func.	A1	TAX
Vocal	Marta Nuñez Aboy	Func.	A2	Técnica Act. Culturais
Vocal	Jose María Raposo Aguiar	Func.	C1	Administrativo
Vocal	Iolanda Alonso Regueiro	Func.	C2	Auxiliar Administrativa
Suplentes				
Presidente	Secundino Otero Failde	Func.	A1	Xefe servizo
Secretaría	Lucía Trillo Martín-Pinillos	Func.	C1	Administrativo
Vocal	Jose Carlos Vázquez Miguez	Func.	A2	Téc. Servizos Económicos
Vocal	Ana Isabel Fontán Rivero	Func.	C1	Administrativo

III. Na base IX “COMISIÓN DE SELECCIÓN” das bases reguladoras, establécese o seguinte:

*Todos os membros da Comisión de Selección serán propostos polo Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do TREBEP.*

*O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 do TREBEP, así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.*

*Da valoración que a Comisión de Selección realice das candidatas, emitirase Acta co listado do persoal seleccionado.*

*A Comisión de selección contará co asesoramento técnico dos empregados municipais que se estime necesario para a realización das probas prácticas. Os membros da comisión de selección e os seus asesores especialistas, percibirán como resultado da súa participación na mesma, as dietas que a normativa en vigor establece.*

A participación neste proceso selectivo implica aceptar a utilización dos datos persoais das persoas candidatas a Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, exclusivamente para os fins que se definen nestas bases de convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos no Real Decreto 1720/2007 do 21 de decembro polo que se aproba o regulamento da Lei 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.

Rematado o proceso selectivo, e conforme ás actas asinadas pola Secretaria e resto dos compoñentes presentes do Órgano de Selección, determínase a relación de perceptores das asistencias aos tribunais de selección de *persoas beneficiarias do "PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE VIGO"*, que deseguido se relacionan, nas datas que se achegan no anexo I e, polo concepto que se expresa:

<b>Mulleres Víctimas de Violencia</b>					
Posto	DNI	Nome e apelidos	Categoría 3 <sup>a</sup> Oficiais Auxiliares, Peóns	<b>Categoría 3<sup>a</sup></b>	<b>TOTAL</b>
<b>Presidente</b>					
Presidente	13894232R	Francisco J. Gutiérrez Orúe	3	<b>119,34 €</b>	<b>119,34 €</b>
<b>Secretario/a</b>					
Secretario/a	77597450G	Carla Candia Paz	3	<b>119,34 €</b>	<b>119,34 €</b>
<b>Vogais</b>					
Vogal	36138380K	Marta Nuñez Aboy	3	<b>110,16 €</b>	<b>110,16 €</b>
Vogal	36042125K	Jose Maria Raposo Aguiar	3	<b>110,16 €</b>	<b>110,16 €</b>

O importe total dietas tribunais, supón a cantidade de 459,00 €.

O gasto necesario para proceder ao abono das *asistencias realizadas de participación en tribunais de selección de personal, na contía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal, son de 459,00 €*, que se executará con cargo a aplicación orzamentaria **241.0.233.00.00** de "Dietas tribunais".

A vista do exposto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, e das competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, sométese á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte proposta de



## Concello de Vigo

### ACORDO:

1. Comprometer o gasto de 459,00 € ,que se executará con cargo á aplicación orzamentaria 241.0.233.00.00 de “Dietas tribunais”.
2. Abonar as cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto de asistencias ao tribunal de selección das 13 *beneficiarias do* “PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE VIGO”, que deseguido se relacionan, nas datas que se achegan no anexo I e, polo concepto que se expresa:

### Tribunais de selección:

Mulleres Víctimas de Violencia					
Posto	DNI	Nome e apelidos	Categoría 3 <sup>a</sup> Oficiais Auxiliares, Peóns	Categoría 3 <sup>a</sup>	TOTAL
<b>Presidente</b>					
Presidente	13894232R	Francisco J. Gutiérrez Orúe	3	119,34 €	119,34 €
<b>Secretario/a</b>					
Secretario/a	77597450G	Carla Candia Paz	3	119,34 €	119,34 €
<b>Vogais</b>					
Vogal	36138380K	Marta Nuñez Aboy	3	110,16 €	110,16 €
Vogal	36042125K	Jose Maria Raposo Aguiar	3	110,16 €	110,16 €

### ANEXO I

			Auxiliar Ad- ministrativas	Subalter- nas Ordenan- zas	Auxiliar Ad- ministrativas	Subalter- nas Ordenan- zas	Auxiliar Ad- ministrativas	Subalter- nas Ordenan- zas
			11/05/18	11/05/18	21/05/18	21/05/18	24/05/18	24/05/18
DNI	Nome e ape- lidos	Catego- ría 3 <sup>a</sup> Oficiais Auxilia- res, Peóns	Baremación expedientes	Barema- ción ex- pedientes	Proba escri- ta	Proba es- crita	Proba prácti- ca	Proba práctica
	<b>Presidente</b>							
1389423 2R	Francisco J. Gutiérrez Orúe	3	1		1		1	
	<b>Secretario/a</b>							

7759745 0G	Carla Candia Paz	3	1	1	1
	<b>Vogais</b>				
3613838 0K	Marta Nuñez Aboy	3	1	1	1
3604212 5K	Jose Maria Raposo Aguiar	3	1	1	1

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(707).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DO GRUPO LITTLE STEVEN AND THE DISCIPLES OF SOUL QUE TERÁ LUGAR NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS DE VIGO CON MOTIVO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2018”. EXPTE. 7438/335.**

Visto o informe de fiscalización do 29/06/18 e o informe xurídico do 02/07/18, dáse conta do informe-proposta do 27/06/18, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira-delegada da Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **Primeiro.-ANTECEDENTES**

**1.-** O Servizo de Festas do Concello de Vigo inclúe na súa programación anual, a organización do programa de “Vigo en Festas 2018”, que conleva a contratación de actuacións artísticas nacionais e internacionais que teñen lugar no Auditorio ao Aire libre de Castrelos nos meses de xullo e agosto. Como consecuencia das resolucións dos decretos da Concelleira de Festas e Turismo de data 5 de xuño de 2018 relativos á composición dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas 2018” (expte. 7437-335), resolveuse a contratación do espectáculo do grupo “LITTLE STEVEN & THE DISCIPLES OF SOUL” a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 12 de xullo de 2018. A proposta foi presentada no servizo de Festas o día 11 de abril de 2018 pola empresa SWEET NOCTURNA que ademais afirmaba ter unha data en exclusiva para a cidade de Vigo.

**2.-** Con data 18 de abril de 2018, a Concelleira delegada da área de Festas e Turismo comunica mediante escrito o interese do Concello de Vigo na contratación do grupo internacional “LITTLE STEVEN & THE DISCIPLES OF SOUL” por un importe total de 80.000 € máis rider técnico e máis ive, e solicita confirmación da data de actuación entre os días 15 de xullo e o 15 de agosto e o documento que acredite que “Sweet Nocturna” ostenta os dereitos exclusivos para a contratación da actuación, na súa condición de promotor en Vigo, no auditorio de Castrelos dentro do programa Vigo en Festas 2018 (Anexado como doc. nº 4 do expediente).

**3.-** Postos en contacto coa empresa “SWEET NOCTURNA S.L”, CIF B-36998524, confirma a posesión da exclusividade artística para a actuación do grupo, e a achega por correo electrónico. No documento de 7 de maio de 2018, D. Jordi Morá en representación da entidade BIG TOURS. S.L., CIF B-78769916 achega o documento onde BIG TOURS, S.L





## Concello de Vigo

afirma que ostenta os dereitos exclusivos para a contratación das actuacións do grupo internacional "LITTLE STEVEN & THE DISCIPLES OF SOUL" e que autoriza a SWEET NOCTURNA, S.L. para organizar na súa condición de promotor o concerto do citado artista que terá lugar o día 12 de xullo de 2018 no Auditorio de Castrelos de Vigo. (doc. nº 5 do expediente).

4.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a técnica de xestión do Servizo de Festas con data 6 de xuño de 2018 e coa conformidade da xefa do Servizo de Festas e da Concelleira de Festas e Turismo, emite informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na celebración dun espectáculo musical a cargo do grupo internacional "LITTLE STEVEN & THE DISCIPLES OF SOUL" a celebrar o día 12 de xullo de 2018, no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, con motivo do Programa "Vigo en Festas 2018".

5.- Con data 12/06/2018, a Concelleira de Festas e Turismo resolve que se inicie o expediente necesario para a contratación da prestación do servizo consistente na celebración do espectáculo musical a cargo do grupo internacional "LITTLE STEVEN & THE DISCIPLES OF SOUL" a celebrar o día 12 de xullo de 2018, no Auditorio ao aire libre de Castrelos, con motivo do Programa "Vigo en Festas 2018".

6.- Con data 12 de xuño de 2018, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares pola Técnica de xestión do Servizo de Festas.

7.- Con data 27/06/2018, a Técnica de xestión do Servizo de Festas asina a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, que é conformada pola Xefa do Servizo de Festas e Concelleira de Festas e Turismo.

8.- Redactase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 27 de xuño de 2018.

9.- O orzamento base de licitación co iva incluído ascende a 113.740,00 € correspondendo 19.740,00 € ao iva podería imputarse á aplicación 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento vixente. Enténdese que o prezo se atopa dentro dos parámetros do mercado ao ser o importe establecido pola empresa que posúe o seus dereitos.

### **Segundo.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

### **Terceiro.- FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro:** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

**Segundo:** O expediente de contratación iniciárase polo órgano de contratación de acordo co disposto no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP); no Concello de Vigo esta competencia atopáase delegada nos Concelleiros de Área segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local de 19 de xuño de 2015).

**Terceiro:** En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a Técnica de xestión, xunto coa Xefa do Servizo de Festas e coa Concelleira da Área de Festas e Turismo asinaron o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na celebración do espectáculo musical a cargo do grupo internacional "LITTLE STEVEN & THE DISCIPLES OF SOUL" a celebrar o día 12 de xullo no Auditorio ao aire libre de Castrelos con motivo do Programa "Vigo en Festas 2018".

**Cuarto:** De acordo co establecido no artigo 116.4 e 116.3 LCSP consta a memoria xustificativa asinada pola Técnica de xestión, Xefa do Servizo e pola Concelleira responsable, e o prego de prescricións técnicas particulares asinados pola Técnica de xestión e a Xefa do Servizo e o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Quinto:** No relativo á clasificación do contrato segundo o establecido no artigo 17 LCLP trátase dun contrato de servizos. A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ó disposto no artigo 116 da mesma Lei. O contrato ten a consideración de contrato privado de acordo ao disposto no artigo 25. 1. a) da devandita Lei. O contrato adxudicárase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, que ostenta os dereitos de exclusiva da actuación do artista.

**Sexto:** Ao expediente se incorporará o informe favorable da Asesoría Xurídica e o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente para a súa aprobación o expediente.

**Sétimo:** A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ao amparo da Disposición adicional segunda da LCSP. Consonte ao estipulado no artigo 117 da citada lei, a resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



## Concello de Vigo

### **PROPOSTA:**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo da actuación artística a cargo do grupo internacional “LITTLE STEVEN & THE DISCIPLES OF SOUL” a celebrar o día 12 de xullo de 2018, as 22:30 horas no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, con motivo do Programa “Vigo en Festas 2018” (expediente nº 7438-335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 12 de xuño de 2018 asinado pola Técnica de Xestión do Servizo de Festas, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 27 de xuño de 2018, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Segundo .-** Autorizar un gasto por un importe total de 113.740,00 € (correspondendo 19.740,00 € ao iver) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.

**Terceiro.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(708).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DO GRUPO CANTAJUEGOS QUE TERÁ LUGAR NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS DE VIGO CON MOTIVO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2018”. EXPTE. 7427/335.**

Visto o informe xurídico do 28/06/18 e o informe de fiscalización do 29/06/18, dáse conta do informe-proposta de data 28/06/18, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira-delegada da Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **Primeiro.- ANTECEDENTES**

1.- O Servizo de Festas do Concello de Vigo inclúe na súa programación anual, a organización do programa de “Vigo en Festas 2018”, que conleva a contratación de actuacións artísticas nacionais e internacionais que teñen lugar no Auditorio ao Aire libre de Castrelos nos meses de xullo e agosto. Como consecuencia das resolucións dos decretos da Concelleira de Festas e Turismo de data 5 de xuño de 2018 relativos á composición dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas 2018” (expte. 7437-335), resolveuse a contratación da actuación artística “CANTAJUEGOS” a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 4 de agosto de 2018. A proposta foi presentada no servizo de Festas o día 4 de decembro de 2017 pola empresa CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., que ademais afirmaba ter unha data en exclusiva para a cidade de Vigo.

2.- Con data 9 de marzo de 2018, a Concelleira delegada da área de Festas e Turismo comunica mediante escrito o interese do Concello de Vigo na contratación da actuación artística do grupo “CANTAJUEGOS” por un importe total de 42.600,00 € máis 8.946,00 € en concepto de iver que fai un total de 51.546,00 €, equipos de luces e son incluídos, e solicita a confirmación da data de actuación para o día 4 de agosto e o documento que acredite que

“CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L.” ostenta os dereitos exclusivos para a contratación da actuación, na súa condición de promotor en Vigo, no auditorio de Castrelos dentro do programa Vigo en Festas 2018 (Anexado como doc. Nº 6 do expediente).

3.- Postos en contacto coa empresa “CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L.” confirma a posesión da exclusividade artística para a actuación do grupo musical, e a achega por correo electrónico. No documento de data 27/12/2017, D. Marcos Calvo González en representación da entidade “LA ROCK ENTERTAINMENT, S.L.U.” con CIF B-82604968 achega o documento onde manifesta que Dña. Begoña Gómez Martínez en representación de CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L. con CIF B-27778141, ten reservada en exclusividade a data 4 de agosto de 2018 para o concerto de CANTAJUEGOS en Castrelos, Vigo (doc. nº 7 do expediente)

4.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a técnica de xestión do Servizo de Festas con data 20 de xuño de 2018 e coa conformidade da xefa do Servizo de Festas e da Concelleira de Festas e Turismo, emite informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na celebración dun espectáculo musical a cargo do grupo “CANTAJUEGOS” a celebrar o día 4 de agosto de 2018, no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, con motivo do Programa “Vigo en Festas 2018”.

5.- Con data 20/06/2018, a Concelleira de Festas e Turismo resolve que se inicie o expediente necesario para a contratación da prestación do servizo consistente na celebración do espectáculo musical a cargo do grupol “CANTAJUEGOS” a celebrar o día 4 de agosto de 2018, no Auditorio ao aire libre de Castrelos, con motivo do Programa “Vigo en Festas 2018”.

6.- Con data 20 de xuño de 2018, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares pola Técnica de xestión do Servizo de Festas.

7.- Con data 27/06/2018, a Técnica de xestión do Servizo de Festas asina a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, que é conformada pola Xefa do Servizo de Festas e Concelleira de Festas e Turismo.

8.- Redactase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 27 de xuño de 2018.

9.- O orzamento base de licitación co iva incluído ascende a 53.200,00 € correspondendo 9.233,06 € ao iva, podería imputarse á aplicación 3380.226.09.06 “Festas de Vigo” do orzamento vixente. Enténdese que o prezo se atopa dentro dos parámetros do mercado ao ser o importe establecido pola empresa que posúe o seus dereitos.

## **Segundo.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.



## Concello de Vigo

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

### **Terceiro.- FUNDAMENTOS DE DEREITO**

1.- De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

2.- O expediente de contratación iníciase polo órgano de contratación de acordo co disposto no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP); no Concello de Vigo esta competencia atópase delegada nos Concelleiros de Área segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local de 19 de xuño de 2015).

3.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a Técnica de xestión, xunto coa Xefa do Servizo de Festas e coa Concelleira da Área de Festas e Turismo asinaron o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na celebración do espectáculo musical a cargo do grupo "CONTAJUEGOS" a celebrar o día 4 de agosto no Auditorio ao aire libre de Castrelos con motivo do Programa "Vigo en Festas 2018".

4.- De acordo co establecido no artigo 116.4 e 116.3 LCSP consta a memoria xustificativa asinada pola Técnica de xestión, Xefa do Servizo e pola Concelleira responsable da Área de Festas e Turismo, e o prego de prescricións técnicas particulares asinados pola Técnica de xestión e a Xefa do Servizo e o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

5.- No relativo á clasificación do contrato segundo o establecido no artigo 17 LCSP trátase dun contrato de servizos. A forma de tramitación do expediente será a ordinaria conforme ó disposto no artigo 116 da mesma Lei. O contrato ten a consideración de contrato privado de acordo ao disposto no artigo 25. 1. a) da devandita Lei. O contrato adxudicárase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, que ostenta os dereitos de exclusiva da actuación do artista.

**6.-** Ao expediente incorporárase o informe favorable da Asesoría Xurídica e o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente para a súa aprobación o expediente.

**7.-** A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ao amparo da Disposición adicional segunda da LCSP. Consonte ao estipulado no artigo 117 da citada lei, a resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

#### **PROPOSTA:**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo da actuación artística a cargo do grupo musical "CANTAJUEGOS" a celebrar o día 4 de agosto de 2018, as 20:00 horas no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, con motivo do Programa "Vigo en Festas 2018" (expediente nº 7427-335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 20 de xuño de 2018 asinado pola Técnica de Xestión do Servizo de Festas, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 27 de xuño de 2018, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Segundo .-** Autorizar un gasto por un importe total de 53.200,00 € € (correspondendo 9.233,06 € ao iver) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.

**Terceiro.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **11(709).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DO ARTISTA RAPHAEL QUE TERÁ LUGAR NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS DE VIGO CON MOTIVO DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS 2018"EXPTE. 7424/335.**

Visto o informe xurídico do 28/06/18 e informe de fiscalización do 29/06/18, dáse conta do informe-proposta do 27/06/18, asinado pola xefa do servizo de Festas, a concelleira-delegada da Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **Primeiro.- ANTECEDENTES**

**1.-** O Servizo de Festas do Concello de Vigo inclúe na súa programación anual, a organización do programa de "**Vigo en Festas 2018**", que conleva a contratación de actuacións artísticas nacionais e internacionais que teñen lugar no Auditorio ao Aire libre de



## Concello de Vigo

Castrelos nos meses de xullo e agosto. Como consecuencia das resolucións dos decretos da Concelleira de Festas e Turismo de data 5 de xuño de 2018 relativos á composición dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas 2018” (expte. 7437-335), resolveuse a contratación do espectáculo do artista “RAPHAEL” a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 2 de agosto de 2018. A proposta foi presentada no servizo de Festas o día 29 de xaneiro de 2018 pola empresa SWEET NOCTURNA, S.L. que ademais afirmaba ter unha data en exclusiva para a cidade de Vigo.

**2.-** Con data 29 de xaneiro de 2018, a Concelleira delegada da área de Festas e Turismo comunica mediante escrito o interese do Concello de Vigo na contratación da actuación artística do cantante “RAPHAEL” por un importe total de 70.000,00 € máis 14.700,00 € en concepto de iva que fai un total de 84.700,00 €, equipos de luces e son incluídos, e solicita a confirmación da data de actuación para o día 2 de agosto e o documento que acredite que “SWEET NOCTURNA” ostenta os dereitos exclusivos para a contratación da actuación, na súa condición de promotor en Vigo, no auditorio de Castrelos dentro do programa Vigo en Festas 2018 (Anexado como doc. nº 6 do expediente).

**3.-** Postos en contacto coa empresa “SWEET NOCTURNA”, S.L., CIF B-36998524, confirma a posesión da exclusividade artística para a actuación do cantante, e a achega por correo electrónico. No documento de 1 de febreiro de 2018, D<sup>a</sup>. Rosa Lagarrigue Echenique en representación da entidade THE BOY ON STAGE, S.L., CIF B-85094977 achega o documento onde confirma que a empresa “SWEET NOCTURNA, S.L.”, ostenta os dereitos para a contratación do artista RAPHAEL na cidade de Vigo e autoriza a SWEET NOCTURNA, S.L., na súa condición de promotor do concerto, para a organización do mesmo que terá lugar o día 2 de agosto de 2018, no Auditorio de Castrelos de Vigo (doc. nº 11 do expediente)

**4.-** En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a técnica de xestión do Servizo de Festas con data 18 de xuño de 2018 e coa conformidade da xefa do Servizo de Festas e da Concelleira de Festas e Turismo, emite informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na celebración dun espectáculo musical a cargo do cantante nacional “RAPHAEL” a celebrar o día 2 de agosto de 2018, no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, con motivo do Programa “Vigo en Festas 2018”.

**5.-** Con data 18/06/2018, a Concelleira de Festas e Turismo resolve que se inicie o expediente necesario para a contratación da prestación do servizo consistente na celebración do espectáculo musical a cargo do cantante nacional “RAPHAEL” a celebrar o día 2 de agosto de 2018, no Auditorio ao aire libre de Castrelos, con motivo do Programa “Vigo en Festas 2018”.

**6.--** Con data 20 de xuño de 2018, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares pola Técnica de xestión do Servizo de Festas.

**7.-** Con data 27/06/2018, a Técnica de xestión do Servizo de Festas asina a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, que é conformada pola Xefa do Servizo de Festas e Concelleira de Festas e Turismo.

**8.-** Redactase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 27 de xuño de 2018.

**9.-** O orzamento base de licitación co ive incluído ascende a 88.935,00 € correspondendo 15.435 € ao ive podería imputarse á aplicación 3380.226.09.06 “Festas de Vigo” do orzamento vixente. Enténdese que o prezo se atopa dentro dos parámetros do mercado ao ser o importe establecido pola empresa que posúe o seus dereitos.

### **Segundo.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

### **Terceiro.- FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**1.-** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

**2.-** O expediente de contratación iníciase polo órgano de contratación de acordo co disposto no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP); no Concello de Vigo esta competencia atópase delegada nos Concelleiros de Área segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local de 19 de xuño de 2015).

**3.-** En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a Técnica de xestión, xunto coa Xefa do Servizo de Festas e coa Concelleira da Área de Festas e Turismo asinaron o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na celebración do espectáculo musical a cargo do cantante nacional “RAPHAEL” a celebrar o día 2 de agosto no Auditorio ao aire libre de Castrelos con motivo do Programa “Vigo en Festas 2018”.

**4.-** De acordo co establecido no artigo 116.4 e 116.3 LCSP consta a memoria xustificativa asinada pola Técnica de xestión, Xefa do Servizo e pola Concelleira responsable da Área de





## Concello de Vigo

Festas e Turismo, e o prego de prescricións técnicas particulares asinados pola Técnica de xestión e a Xefa do Servizo e o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**5.-** No relativo á clasificación do contrato segundo o establecido no artigo 17 LCSP trátase dun contrato de servizos. A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ó disposto no artigo 116 da mesma Lei. O contrato ten a consideración de contrato privado de acordo ao disposto no artigo 25. 1. a) da devandita Lei. O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, que ostenta os dereitos de exclusiva da actuación do artista.

**6.-** Ao expediente incorporárase o informe favorable da Asesoría Xurídica e o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente para a súa aprobación o expediente.

**7.-** A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ao amparo da Disposición adicional segunda da LCSP. Consonte ao estipulado no artigo 117 da citada lei, a resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

### **PROPOSTA:**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo da actuación artística a cargo do cantante nacional "RAPHAEL" a celebrar o día 2 de agosto de 2018, as 23:00 horas no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, con motivo do Programa "Vigo en Festas 2018" (expediente nº 7424-335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 20 de xuño de 2018 asinado pola Técnica de Xestión do Servizo de Festas, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 27 de xuño de 2018, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Segundo .-** Autorizar un gasto por un importe total de 88.935,00 € (correspondendo 15.435,00 € ao iva) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.

**Terceiro.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(710).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DO ARTISTA JOAN MANUEL SERRAT QUE TERÁ LUGAR NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS DE VIGO CON MOTIVO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2018”.EXPTE. 7423/335.**

Visto o informe xurídico do 28/06/18 e informe de fiscalización do 29/06/18, dáse conta do informe-proposta do 28/06/18, asinado pola xefa do servizo de Festas, a concelleira-delegada da Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**Primeiro.- ANTECEDENTES**

**1.-** O Servizo de Festas do Concello de Vigo inclúe na súa programación anual, a organización do programa de “**Vigo en Festas 2018**”, que conleva a contratación de actuacións artísticas nacionais e internacionais que teñen lugar no Auditorio ao Aire libre de Castrelos nos meses de xullo e agosto. Como consecuencia das resolucións dos decretos da Concelleira de Festas e Turismo de data 5 de xuño de 2018 relativos á composición dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas 2018” (expte. 7437-335), resolveuse a contratación do espectáculo do artista “JOAN MANUEL SERRAT” a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 21 de xullo de 2018. A proposta foi presentada no servizo de Festas o día 11 de decembro de 2017 pola empresa CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L., que ademais afirmaba ter unha data en exclusiva para a cidade de Vigo.

**2.-** Con data 26 de XANEIRO de 2018, a Concelleira delegada da área de Festas e Turismo comunica mediante escrito o interese do Concello de Vigo na contratación da actuación artística do cantante “JOAN MANUEL SERRAT” por un importe total de 65.000 € máis rider técnico e máis iva, e solicita confirmación da data de actuación para o día 21 de xullo e o documento que acredite que “Categorica Producciones, S.L” ostenta os dereitos exclusivos para a contratación da actuación, na súa condición de promotor en Vigo, no auditorio de Castrelos dentro do programa Vigo en Festas 2018 (Anexado como doc. nº 5 do expediente).

**3.-** Postos en contacto coa empresa “CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L.”, CIF B-2777814, confirma a posesión da exclusividade artística para a actuación do cantante, e a achega por correo electrónico. No documento de 2 de febreiro de 2018, D. Iñigo Argomaniz Bengoechea en representación da entidade NO ES NADA PERSONAL, A.I.E. con CIF V-66901463 achega o documento onde ES NADA PERSONAL, A.I.E. afirma que ostenta os dereitos exclusivos da xira “MEDITERRANEO DA CAPO” 2018 do artista “JOAN MANUEL SERRAT” e que autoriza a “CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L.” para organizar na súa condición de promotor do concerto do citado artista que terá lugar o día 21 de xullo de 2018 no Auditorio de Castrelos de Vigo (doc. nº 6 do expediente).

**4.-** En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a técnica de xestión do Servizo de Festas con data 12 de xuño de 2018 e coa conformidade da xefa do Servizo de Festas e da Concelleira de Festas e Turismo, emite informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na celebración dun espectáculo musical a cargo do cantante nacional “JOAN MANUEL SERRAT” a celebrar o día 21 de xullo de 2018, no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, con motivo do Programa “Vigo en Festas 2018”.



## Concello de Vigo

5.- Con data 12/06/2018, a Concelleira de Festas e Turismo resolve que se inicie o expediente necesario para a contratación da prestación do servizo consistente na celebración do espectáculo musical a cargo do cantante nacional "JOAN MANUEL SERRAT" a celebrar o día 21 de xullo de 2018, no Auditorio ao aire libre de Castrelos, con motivo do Programa "Vigo en Festas 2018".

6.- Con data 14 de xuño de 2018, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares pola Técnica de xestión do Servizo de Festas.

7.- Con data 27/06/2018, a Técnica de xestión do Servizo de Festas asina a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, que é conformada pola Xefa do Servizo de Festas e Concelleira de Festas e Turismo.

8.- Redactase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 27 de xuño de 2018.

9.- O orzamento base de licitación co iva incluído ascende a 79.765,00 € correspondendo 13,650 € ao iva podería imputarse á aplicación 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento vixente. Enténdese que o prezo se atopa dentro dos parámetros do mercado ao ser o importe establecido pola empresa que posúe o seus dereitos.

### **Segundo.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

### **Tercero.- FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro:** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

**Segundo:** O expediente de contratación iniciárase polo órgano de contratación de acordo co disposto no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP); no Concello de Vigo esta competencia atópase delegada nos Concelleiros de Área segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local de 19 de xuño de 2015).

**Terceiro:** En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a Técnica de xestión, xunto coa Xefa do Servizo de Festas e coa Concelleira da Área de Festas e Turismo asinaron o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na celebración do espectáculo musical a cargo do cantante nacional "JOAN MANUEL SERRAT" a celebrar o día 21 de xullo no Auditorio ao aire libre de Castrelos con motivo do Programa "Vigo en Festas 2018".

**Cuarto:** De acordo co establecido no artigo 116.4 e 116.3 LCSP consta a memoria xustificativa asinada pola Técnica de xestión, Xefa do Servizo e pola Concelleira responsable da Área de Festas e Turismo, e o prego de prescricións técnicas particulares asinados pola Técnica de xestión e a Xefa do Servizo e o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Quinto:** No relativo á clasificación do contrato segundo o establecido no artigo 17 LCSP trátase dun contrato de servizos. A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ó disposto no artigo 116 da mesma Lei. O contrato ten a consideración de contrato privado de acordo ao disposto no artigo 25. 1. a) da devandita Lei. O contrato adxudicárase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, que ostenta os dereitos de exclusiva da actuación do artista.

**Sexto:** Ao expediente incorporárase o informe favorable da Asesoría Xurídica e o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente para a súa aprobación o expediente.

**Sétimo:** A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ao amparo da Disposición adicional segunda da LCSP. Consonte ao estipulado no artigo 117 da citada lei, a resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

#### **PROPOSTA:**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo da actuación artística a cargo do cantante nacional "JOAN MANUEL SERRAT" a celebrar o día 21 de xullo de 2018, as 23:00 horas no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, con motivo do Programa "Vigo en Festas 2018" (expediente nº 7423-335), que contén o prego de



## Concello de Vigo

prescricións técnicas particulares de data 14 de xuño de 2018 asinado pola Técnica de Xestión do Servizo de Festas, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 27 de xuño de 2018, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Segundo** .- Autorizar un gasto por un importe total de 79.765,00 € (correspondendo 13.650,00 € ao iver) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.

**Terceiro**.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(711).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DO GRUPO MORAT QUE TERÁ LUGAR NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS DE VIGO CON MOTIVO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2018”. EXPTE. 7422/335.**

Visto o informe xurídico do 28/06/18 e informe de fiscalización do 29/06/18, dáse conta do informe-proposta do 27/06/18, asinado pola xefa do servizo de Festas, a concelleira-delegada da Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **Primero.- ANTECEDENTES**

**1.-** O Servizo de Festas do Concello de Vigo inclúe na súa programación anual, a organización do programa de “Vigo en Festas 2018”, que conleva a contratación de actuacións artísticas nacionais e internacionais que teñen lugar no Auditorio ao Aire libre de Castrelos nos meses de xullo e agosto. Como consecuencia das resolucións dos decretos da Concelleira de Festas e Turismo de data 5 de xuño de 2018 relativos á composición dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas 2018” (expte. nº 7437-335), resolveuse a contratación do espectáculo do grupo internacional “MORAT” a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 31 de xullo de 2018. A proposta foi presentada no servizo de Festas o día 23 de marzo de 2018 pola empresa CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L., que ademais afirmaba ter unha data en exclusiva para a cidade de Vigo.

**2.-** Con data 2 de abril de 2018, a Concelleira delegada da área de Festas e Turismo comunica mediante escrito o interese do Concello de Vigo na contratación da actuación artística de “MORAT” por un importe total de 41.500 € máis rider técnico e máis iver, e solicita a confirmación da data de actuación para o día 31 de xullo e o documento que acredite que “Categorica Producciones, S.L” ostenta os dereitos exclusivos para a contratación da actuación, na súa condición de promotor en Vigo, no auditorio de Castrelos dentro do programa Vigo en Festas 2018 (Ane-xado ao expte. como doc. Nº 6).

**3.-** Postos en contacto coa empresa “CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., CIF B-27778141 confirma a posesión da exclusividade artística para a actuación do grupo, e a achega por correo electrónico. No documento de 5 de abril de 2018, Dª Olga Diaz Ribera en representación da entidade “UNIVERSAL MUSIC SPAIN, S.L.U.”, CIF B-82198342 achega o documento onde

afirma que UNIVERSAL MUSIC SPAIN, S.L.U., ostenta os dereitos exclusivos para o territorio de todo o mundo do artista coñecido como "MORAT" e certifica en calidade de apoderada da mercantil "CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L." que ten reservados os servizos do ARTISTA para a realización do concerto que terá lugar o día 31 de xullo de 2018 no Auditorio de Castrelos de Vigo (Anexado como doc. nº 7 do expediente).

4.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a técnica de xestión do Servizo de Festas con data 14 de xuño de 2018 e coa conformidade da xefa do Servizo de Festas e da Concelleira de Festas e Turismo, emite informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na celebración dun espectáculo musical a cargo da banda internacional "MORAT" a celebrar o día 31 de xullo de 2018, no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, con motivo do Programa "Vigo en Festas 2018".

5.- Con data 14/06/2018, a Concelleira de Festas e Turismo resolve que se inicie o expediente necesario para a contratación da prestación do servizo consistente na celebración do espectáculo musical a cargo do grupo internacional "MORAT" a celebrar o día 31 de xullo de 2018, no Auditorio ao aire libre de Castrelos, con motivo do Programa "Vigo en Festas 2018".

6.- Con data 14 de xuño de 2018, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares pola Técnica de xestión do Servizo de Festas.

7.- Con data 27/06/2018, a Técnica de xestión do Servizo de Festas asina a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, que é conformada pola Xefa do Servizo de Festas.

8: Redactase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 27 de xuño de 2018.

9. -O orzamento base de licitación co iva incluído ascende a 58.980,00 € correspondendo 10.236,20 € ao iva podería imputarse á aplicación 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento vixente. Enténdese que o prezo se atopa dentro dos parámetros do mercado ao ser o importe establecido pola empresa que posúe o seus dereitos.

## **Segundo.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.



## Concello de Vigo

Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

### **Terceiro.- FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro:** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

**Segundo:** O expediente de contratación iníciase polo órgano de contratación de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP); no Concello de Vigo esta competencia atópase delegada nos Concelleiros de Área segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local de 19 de xuño de 2015).

**Terceiro:** En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a Técnica de xestión, xunto coa Xefa do Servizo de Festas e coa Concelleira da Área de Festas e Turismo asinaron o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na celebración do espectáculo musical a cargo do grupo internacional "MORAT" a celebrar o día 31 de xullo no Auditorio ao aire libre de Castrelos con motivo do Programa "Vigo en Festas 2018".

**Cuarto:** En cumprimento do establecido no artigo 116.4 e 116.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) consta a memoria xustificativa asinada pola Técnica de xestión, Xefa do Servizo e pola Concelleira responsable, e o prego de prescricións técnicas particulares asinados pola Técnica de xestión e a Xefa do Servizo e o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Quinto:** No relativo á clasificación do contrato segundo o establecido no artigo 17 LCLP trátase dun contrato de servizos. A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ó disposto no artigo 116 da mesma Lei. O contrato ten a consideración de contrato privado de acordo ao disposto no artigo 25. 1. a) da devandita Lei. O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, que ostenta os dereitos de exclusiva da actuación do artista.

**Sexto:** Ao expediente incorporábase o informe favorable da Asesoría Xurídica e o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente para a súa aprobación o expediente.

**Sétimo:** A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ao amparo da Disposición adicional segunda da LCSP. Consonante ao estipulado no artigo 117 da citada lei, a resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

#### **PROPOSTA:**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo da actuación artística a cargo do grupo internacional "MORAT" a celebrar o día 31 de xullo de 2018, as 23:00 horas no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, con motivo do Programa "Vigo en Festas 2018" (expediente nº 7422-335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 14 de xuño de 2018 asinado pola Técnica de Xestión do Servizo de Festas, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 27 de xuño de 2018, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Segundo .-** Autorizar un gasto por un importe total de 58.980,00 € (correspondendo 10.236,20 € ao ive) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(712).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO", PARA O FOMENTO DAS SUAS ACTIVIDADES ENTRE O 4 DE NOVEMBRO DE 2017 AO 30 DE SETEMBRO DE 2018. EXPTE. 8050/320.**

Consta informe xurídico do 22/06/18 e informe de fiscalización do 27/06/18, dáse conta do informe-proposta de data 29/05/18, asinado polo xefe do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado da Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 02/05/2018, D. Camilo Pais Martínez (DNI: 35995159K), en calidade de Presidente da "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF: G-36704666), achegou a documentación precisa para a formalización do convenio de colaboración entre o Concello e a referida entidade, cuxo obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación entre o 4 de novembro de 2017 ata o 30 de setembro de 2018.

Segundo anexo presentado do secretario da federación de data 02/05/2018, D. Camilo Pais Martínez, en virtude do art. 20 dos Estatutos da federación, ostenta o cargo de presidente e, polo tanto, lle corresponde a representación legal da entidade, estando facultado, pola Xunta Directiva e polos propios estatutos, para asinar o convenio de colaboración co concello de Vigo.





## Concello de Vigo

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administración de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conteno financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, **a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.**

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:

- Ano 2017: expte. 7577/320
- Ano 2016: expte. 7349/320
- Ano 2015: expte. 6988/320
- Ano 2014: expte. 6573/320
- Ano 2013: expte. 6104/320
- Ano 2012: expte. 5760/320
- Ano 2011: expte. 5212/320
- Ano 2010: expte. 4632/320
- Ano 2009: expte. 4093/320
- Ano 2008: expte. 3442/320

#### RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das

subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexeráse polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.

Ademais, en virtude do disposto no apartado 4.17º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases específicas reguladoras da concesión de calquera tipo de subvención ou axuda municipal destinada ao fomento das actividades de utilidade pública ou interese social, así como a proposta de resolución dos expedientes incoados.

#### **MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA**

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2018) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2017, inclúe expresamente a partida 9240 4890001 “Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo”, cunha dotación de 15.000,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas



## Concello de Vigo

nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a "Federación de Peñas Recreativas El Olivo", figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 143/90, segundo resolución da Alcaldía de data 24/04/1990.

### **OBXECTO DA SUBVENCIÓN**

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" para subvencionar os gastos derivados da organización, promoción e execución das súas actividades programadas entre o 4 de novembro de 2017 ata o 30 de setembro de 2018 para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá.

Deste xeito, os arts. 2 e 3 dos Estatutos da Federación, contempla entre os fins e actividades que constitúen o seu obxecto social e cuxa realización se subvenciona co presente convenio, encóntranse:

- A estimulación e o desenvolvemento do deporte.
- O fomento e a estimulación da cultura e o arte.
- A organización e desenvolvemento de eventos recreativos.
- O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo.
- Outras: organización de equipos deportivos, programación de xogos, excursións, torneos e outros eventos recreativos, organización de conferencias, actos culturais, veladas artístico-musicais...

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

### **CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA**

O vixente exercicio presupostario (2018) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2017, inclúe expresamente a partida nº 9240 4890001, denominada "*Convenio Federación de Peñas Recreativas El Olivo*", cunha dotación orzamentaria de 15.000 €.

### **DOCUMENTACIÓN**

A "Federación de Peñas Recreativas El Olivo", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
  - Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 16/04/18

- Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 16/04/18
- Seguridade Social, de data 02/05/18
- Concello de Vigo, de data 26/04/18

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Autorización expresa para a consulta de certificacións de non ter débedas (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ÁREAS	CONCEPTO	ORZAMENTO	CONTÍA SOLICITADA
	Xestión e administración	7.200,00 €	7.000,00 €
Promoción	Edición da “ Revista Anuario”	1.200,00 €	1.000,00 €
Convivencia	Festa das Peñas e Cea Irmandade	5.300,00 €	5.000,00 €
Social	XXXIV Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa	2.300,00 €	2.000,00 €
<b>TOTAIS</b>		<b>16.000,00 €</b>	<b>15.000,00 €</b>

8. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.



## Concello de Vigo

### ANTICIPO

Atendendo ao disposto na Base da execución do presuposto nº 38.7, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando houberen solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

### PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio desprega a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 30 de setembro de 2018, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 04/11/17 e o 30/09/18, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2018**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o

emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES09 2080 5077 933040016285 (ABANCA), segundo anexo presentado de data 02/05/2018, emitido pola entidade bancaria.

## **NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN**

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos presuposto.

## **RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a



## Concello de Vigo

resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 20.2 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18º da Resolución de delegacións do alcalde de data 19/06/2015, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890001, denominada “*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*”, incluída no vixente orzamento municipal.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF.- G-36704666), cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade a realizar pola entidade entre novembro de 2017 e setembro de 2018, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos derivados da súa organización, promoción e execución e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONDECER** á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

**TERCEIRO. - NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO” PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezaoto

### REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Camilo Pais Martínez, con DNI 35995159-K, en calidade de Presidente da "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF : G-36704666), con domicilio social na rúa Otero Pedraio - Praza de Galegos Ilustres de Vigo, nº 5, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da documentación incorporada ao expte: 8050/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

### **MANIFESTAN**

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que a entidade "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*", de conformidade co art. 2 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:

- A estimulación e o desenvolvemento do deporte.
- O fomento e a estimulación da cultura e o arte.
- A organización e desenvolvemento de eventos recreativos.
- O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo.
- Outras: organización de equipos deportivos, programación de xogos, excursións, torneos e outros eventos recreativos, organización de conferencias, actos culturais, veladas artístico-musicais...

III.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 143/90.





## Concello de Vigo

IV.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*” leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas para os meses de novembro de 2017 ata setembro de 2018, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos derivados da organización, fomento e execución das mesmas.

V.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240 4890001, denominada “*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*”, nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 15.000 €.

VI.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación de novembro de 2017 a setembro de 2018, cuxa contía, segundo proxecto de actividades e orzamento, achegados pola entidade, ascende a:

ÁREAS	CONCEPTO	ORZAMENTO	CONTÍA SOLICITADA
	Xestión e administración	7.200,00 €	7.000,00 €
Promoción	Edición da “ Revista Anuario”	1.200,00 €	1.000,00 €
Convivencia	Festa das Peñas e Cea Irmandade	5.300,00 €	5.000,00 €
Social	XXXIV Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa	2.300,00 €	2.000,00 €
	<b>TOTAIS</b>	<b>16.000,00 €</b>	<b>15.000,00 €</b>

VII.- Que a entidade “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*” non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

### PACTOS

**Primeiro.-** A entidade “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*” comprométese a colaborar coa concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a organización, promoción, fomento e execución das actividades obxecto do presente convenio.
2. Comunicar ao Concello de Vigo, Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
3. Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
4. A revista “Anuario” reservará dúas páxinas para os saúdas do alcalde e do concelleiro de Participación Cidadá, figurando na contraportada do libro o texto "Patrocinado polo Concello de Vigo -Concellería de Participación Cidadá-" co seu logotipo oficial. As páxinas para espazos publicitarios incluíranse no interior do libro e limitaranse a un máximo de 16. Na memoria final deberán indicarse os importes dos patrocinios publicitarios inseridos na revista.
5. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
8. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
9. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto ca correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual, e inventario actualizado das dotacións e instalacións, deixando constancia do estado de conservación das mesmas.
10. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.



## Concello de Vigo

11. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar tanta información e documentación se lle solicite ao efecto.

12. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Segundo.**- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade *Federación de Peñas Recreativas El Olivo* unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240 4890001, denominada “*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*” do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados organización, promoción, execución e, en definitiva, fomento das actividades sociocomunitarias programadas pola entidade para os meses de novembro de 2017 ata setembro de 2018.

2. Respetar a estrutura organizativa da “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*” e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.**- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Sexto.-** A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, última modificación 20 de maio de 2016.

**Sétimo.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Federación de Peñas Recreativas El Olivo.

**Oitavo.-** A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende o 4 de novembro de 2017 ata o 30 de setembro de 2018.



## Concello de Vigo

**Noveno.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*” mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2018**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datos e lugar de celebración.

3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias simples de facturas**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista da subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a



## Concello de Vigo

acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado, ou no seu caso, recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto, se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, e de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

**Décimo.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES09 2080 5077 93 3040016285 (ABANCA).

**Décimo primeiro.-** Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo segundo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 04/11/17 e o 30/09/18.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

**Décimo terceiro.-** A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso,





## Concello de Vigo

Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sétimo.**- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

**Décimo oitavo.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo noveno.**- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Vixésimo.**- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2018, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2018.

**15(713).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT) DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, DE MANTEMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO. EXPTE. 8047/320.**

Visto o informe xurídico do 07/06/18 e informe de fiscalización do 27/06/18, dáse conta do informe-proposta do 07/06/18, asinado polo xefe do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado da Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

Con data de entrada no Rexistro Web do Concello de Vigo do 02/05/18, D. José Luis Fernández Celis con DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia e en nome de Unión Comarcal de UGT de Vigo (CIF: G-15383011), achegou solicitude (doc.180065307), para a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Vigo (Participación Cidadá), para axudar ao financiamento das actividades da entidade, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento, realizados entre o 04/11/2017 ata 30/09/2018, mediante unha achega económica de 15.000 €.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **COMPETENCIA MUNICIPAL**

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administración de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, **a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.**

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes máis inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes: 1085/320 (1999/2003), 2306/320 (2004/06), 3197/320 (2007), 3394/320 (2008), 4354/320 (2009),



## Concello de Vigo

4693/320 (2010), 5213/320 (2011), 5793/320 (2012), 6293/320 (2013), 6712/320 (2014), 7141/320 (2015), 7383/320 (2016) e 7557/320 (2017).

### **RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO**

A concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerese polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En cumprimento do disposto nos art. 65.3 da LXS e 26.2 a) da LSG e das Bases de execución do presuposto, apartado 38<sup>a</sup>.4.2 das BEP, o texto do convenio que se achega para a súa aprobación contén, a lo menos, os seguintes extremos:

- determinación do obxecto da subvención
- réxime xurídico aplicable
- beneficiarios e modalidade de axuda
- crédito orzamentario
- compatibilidade ou incompatibilidade con outras axudas
- prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario e forma de pago

Polo que se refire aos órganos competentes para a concesión das axudas, si ben, tanto a Lei 38/2003 como a Lei 9/2007, nos seus respectivos artigos 3, contemplan no seu ámbito obxectivo de aplicación, ás entidades locais, ao mesmo tempo, remiten a regulación dos concretos órganos competentes para a concesión das subvencións, no ámbito local, á normativa específica integrada pola lexislación de réxime local (artigos 7.4 da Lei 38/03 e 10.4 da Lei 9/07).

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, que no seu apartado 1.3º, dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a "aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados".

Ademais, en virtude do disposto no apartado 4.18º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015 se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios de colaboración que deban subscribirse con entidades privadas, e que teñan

por obxecto a concesión dunha subvención municipal que financie en parte unha iniciativa, proxecto ou actividade de interese público municipal que complementa os servizos municipais. Finalmente, o convenio será asinado polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue, en representación do Concello de Vigo.

## **MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA**

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2018) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2017, inclúe expresamente a partida 9240 4800004 “Convenio UXT”, cunha dotación de 15.000,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Consultado os arquivos da Oficina de Participación Cidadá, consta que a beneficiaria da subvención, a Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 488/96, segundo Decreto de Alcaldía de data 30/09/96.

## **OBXECTO DA SUBVENCIÓN**

O obxecto do convenio é o fomento das actividades programadas pola entidade, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados, realizados entre o 04/11/2017 ata 30/09/2018, necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público, social e económico.

Segundo recolle os arts. 9 dos Estatutos da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Galicia, a Unión Comarcal de Vigo, asume, entre os seus fins e tarefas, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Desenvolvemento e aseguramento do Estado social e democrático de Dereito.
- ✓ Impulsar políticas xerais que afecten ao conxunto da clase traballadora e persigan a mellora e transformación da sociedade.
- ✓ Representar os intereses da clase traballadora na política social, sanitaria e educativa, en materia de emprego, seguridade social, políticas de mercado de traballo e saúde laboral.



## Concello de Vigo

- ✓ Exercer unha especial defensa das reivindicacións das mulleres e da mocidade, evitando a discriminación por razón de sexo ou idade.
- ✓ Defender os dereitos das persoas maiores, traballando para garantir a súa suficiencia económica e benestar.
- ✓ Perseguir a integración laboral e social das persoas con discapacidade e das minorías e colectivos marxinados.
- ✓ Promover a integración social das persoas traballadoras e estranxeiras en igualdade de condicións que as galegas.
- ✓ Esixir dos poderes públicos condicións para facer realidade o dereito das persoas traballadoras a gozar dunha vivenda digna e adecuada.
- ✓ Demandar dos poderes públicos unha política orientada ao pleno emprego, e unha distribución da renda rexional e persoal mais equitativa, que garanta o progreso social e económico (...).

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a asociación, nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

### **CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA**

O vixente exercicio presupostario (2018) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2017, inclúe expresamente a partida 9240 4800004 "Convenio UGT", cunha dotación de 15.000,00 €.

### **DOCUMENTACIÓN**

A *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo*, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38<sup>a</sup>.9 das BEP, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
  - Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 03/05/18
  - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 03/05/18
  - Seguridade Social, de data 03/05/18
  - Concello de Vigo, de data 26/04/18

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).

3. Declaración responsable do presidente da entidade, de data 24/04/18, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro (anexo III)
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Autorización expresa para a consulta de certificacións de non ter débedas (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII).
8. Certificado da UGT de Galicia conforme o Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva de Galicia, José Luis Fernández Celis está acreditado, en coñecemento da Comisión Executiva da Unión Comarcal de UGT-Vigo, da sinatura do presente convenio.

Proxecto de actividades da entidade para o ano 2018, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de fomento das actividades programados pola entidade, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados, realizados entre o 04/11/2017 ata 30/09/2018. O orzamento de gastos que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>ACTIVIDADES E ORZAMENTO GASTOS 04/11/2017 ATA 30/09/2018</b>		
Custos salariais	Servizo de Atención Cidadá	14.700,00 €
Xornadas	“Prevenición de Riscos Laborais”	650,00 €
	“Prevenición de Riscos Laborais-Acoso Laboral”	650,00 €
Mantemento	Gastos correntes	500,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>16.500,00 €</b>

9. Contrato de traballo.
10. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e copia do recibo.
11. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
  - a) Fundamentación, obxectivos e metas
  - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
  - c) Lugar de realización
  - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)



## Concello de Vigo

- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

### ANTICIPO

Non se contempla a posibilidade de anticipo.

### PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio desprega a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 30 de setembro de 2018, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 04/11/17 e o 30/09/18, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2018**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES10 0182 5947 120010030140 (BBVA).

## **NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN**

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

## **RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18 da Resolución de delegacións do Alcalde de data 19/06/15, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte:

## **ACORDO**

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4800004, denominada “Convenio UXT”, incluída no vixente orzamento municipal de 2018, a favor do sindicato *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo*.





## Concello de Vigo

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo* (CIF.- G-15383011), cuxo obxecto é o

fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2018, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados, realizados entre o 04/11/2017 ata o 30/09/2018, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

**TERCEIRO. - NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT) DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, ASÍ COMO, DE MANTEMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO, REALIZADOS ENTRE O 4 DE NOVEMBRO DE 2017 ATA 30 DE SETEMBRO DE 2018

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezaoitto

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. José Luis Fernández Celis, con DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia, con CIF: G-15383011 e domicilio social na Rúa E. Heraclio Botana, 2 / Avda. García Barbón, 67, de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 8047/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

## MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, unións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, laborais, informativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc., que inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar sindicatos e afiliarse ao da súa elección, así como, aos sindicatos de traballadores e asociacións empresariais o de contribuír á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, nun Estado Social e Democrático de dereito, no que a participación sindical se considera fundamental.

III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de políticas sociais de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos traballadores e a reivindicación de políticas de pleno emprego, sendo a *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo* unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

IV.- Que a entidade *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo*, de conformidade co art. 8 dos Estatutos de UXT Galicia, asume, entre os seus fins e tarefas, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Desenvolvemento e asesoramento do Estado social e democrático de Dereito.



## Concello de Vigo

- ✓ Impulsar políticas xerais que afecten ao conxunto da clase traballadora e persigan a mellora e transformación da sociedade.
- ✓ Representar os intereses da clase traballadora na política social, sanitaria e educativa, en materia de emprego, seguridade social, políticas de mercado de traballo e saúde laboral.
- ✓ Exercer unha especial defensa das reivindicacións das mulleres e da mocidade, evitando a discriminación por razón de sexo ou idade.
- ✓ Defender os dereitos das persoas maiores, traballando para garantir a súa suficiencia económica e benestar.
- ✓ Perseguir a integración laboral e social das persoas con discapacidade e das minorías e colectivos marxinados.
- ✓ Promover a integración social das persoas traballadoras e estranxeiras en igualdade de condicións que as galegas.
- ✓ Esixir dos poderes públicos condicións para facer realidade o dereito das persoas traballadoras a gozar dunha vivenda digna e adecuada.
- ✓ Demandar dos poderes públicos unha política orientada ao pleno emprego, e unha distribución da renda rexional e persoal mais equitativa, que garanta o progreso social e económico (...).

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 30/09/96, a *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo* atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 488/06.

VI.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo* leve a cabo os seus proxectos, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos xerados polas súas actividades, así como, de mantemento, realizados entre o 4 de novembro de 2017 ata 30 de setembro de 2018, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

VII.- As actividades programadas pola *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo*, que fundamentan a concesión da subvención son, con carácter xeral, segundo proxecto e orzamento incorporado ao expediente:

<b>ACTIVIDADES E ORZAMENTO GASTOS 04/11/2017 ATA 30/09/2018</b>		
Custos salariais	Servizo de Atención Cidadá	14.700,00 €
Xornadas	“Prevencción de Riscos Laborais”	650,00 €
	“Prevencción de Riscos Laborais-Acoso Laboral”	650,00 €
Mantemento	Gastos correntes	500,00 €

<b>TOTAL</b>	<b>16.500,00 €</b>
--------------	--------------------

VIII.- Que o Concello de Vigo prevé, do seu vixente orzamento municipal (2018), a partida orzamentaria nº 9240.4800004, denominada “*Convenio Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo*”, nominativa a favor da entidade, cunha consignación presupostaria de 15.000,00 €.

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade para o ano 2018, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados polas mesmas, así como, de mantemento, directamente relacionados, realizados entre o 4 de novembro de 2017 ata o 30 de setembro de 2018, necesarios para o seu desenvolvemento.

X.- Que a entidade *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo* non incorre en ningunha circunstancia e prohibición recollida no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coa administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

XI.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social, económico, que para a cidade de Vigo, representan as actividades que desenvolve a entidade *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo*, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

### **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo* comprométese a colaborar coa concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.



## Concello de Vigo

4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.
6. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
7. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.
8. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
9. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Segundo.**- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo* unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a aplicación

orxamentaria nº 9240.4800004, denominada “*Convenio Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo*”, do vixente orzamento municipal (2018), co obxecto de colaborar ao financiamento dos gastos xerados polas actividades da entidade, así como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, necesarios para o seu desenvolvemento, realizados entre o 4 de novembro de 2017 ata o 30 de setembro de 2018, en definitiva, para o fomento das súas actividades.

2. Respetar a estrutura organizativa da *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo*.
3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.**- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.**- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.**- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.

**Sexto.**- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, última modificación 20 de maio de 2016.

**Sétimo.**- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, con carácter permanente, durante a vixencia do convenio, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no



## Concello de Vigo

financiamento das actividades do sindicato entre o 4 de novembro de 2017 ata o 30 de setembro de 2018.

**Oitavo-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2018**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas

e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificárase **con copias simples de facturas**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos **documentos xustificativos** relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención





## Concello de Vigo

- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
  - As retribucións de persoal xustificaranse mediante:
    - Contrato de traballo
    - Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
    - Nóminas correspondente aos meses imputados.
    - Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
    - Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)
  - as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
  - non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
  - xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
  - cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
  - cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento
- e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.
- f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.
- g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

**Noveno.**- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente co código IBAN ES10 0182 5947 1200 1003 0140 (BBVA).

**Décimo.**- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo primeiro.**- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas, no período comprendido entre o 04/11/17 e o 30/09/18.

**Décimo segundo.**- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.**- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



## Concello de Vigo

**Décimo cuarto.**- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.**- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.**- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

**Décimo sétimo.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo oitavo.**- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Décimo noveno.**- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2018, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2018.

**16(714).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO AGARIMO", PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES. EXPTE. 7988/320.**

Visto o informe xurídico do 22/06/18 e o informe de fiscalización do 28/06/18, dáse conta do informe-proposta do 14/06/18, asinado polo xefe do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado da Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 26/01/2018, D<sup>a</sup> Ana María Gil Lodeiro, en calidade de presidenta da Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" (CIF: G-36821817), achegou, a través do documento co núm. 180015326 de entrada no Rexistro Xeral, a solicitude de celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para o 2017 e 2018, en concreto, para as levadas a cabo entre o 04/11/2017 e o 30/09/2018.

Segundo o anexo II de data 24/01/18, e conforme ao art. 30.2 dos seus estatutos, será a presidenta, Dona Ana María Gil Lodeiro a persoa responsable de "*representar á asociación perante calquera organismo público ou privado*", polo tanto para a sinatura do convenio.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

##### **COMPETENCIA MUNICIPAL**

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administración de forma que se faga efectivo o principio "unha Administración unha competencia". Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de com-



## Concello de Vigo

petencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, **a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.**

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:

1. Ano 2017: Expte. Núm. 7555/320
2. Ano 2016: Expte. Núm. 7344/320
3. Ano 2015: Expte. Núm. 6975/320
4. Ano 2014: Expte. Núm. 6576/320
5. Ano 2013: Expte. Núm. 6044/320
6. Ano 2012: Expte. Núm. 5767/320
7. Ano 2011: Expte. Núm. 5142/320
8. Ano 2010: Expte. Núm. 4622/320
9. Ano 2009: Expte. Núm. 3977/320
10. Ano 2008: Expte. Núm. 3464/320

### **RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO**

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa

competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como á resolución dos procedementos incoados”. Por último, en virtude do disposto no apartado 4.17º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases específicas reguladoras da concesión de calquera tipo de subvención ou axuda municipal destinada ao fomento das actividades de utilidade pública ou interese social, así como a proposta de resolución dos expedientes incoados.

#### **MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA**

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2018) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2017, inclúe expresamente a partida 9240 4890006 “Convenio Asociación Agarimo”, cunha dotación de 13.000,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo", figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 519/97, segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97.

#### **OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo as actividades sociocomunitarias, sociosanitarias, culturais e formativas, programadas pola entidade para o período comprendido entre o 04/11/17 e o 30/09/18, en definitiva, para o fomento das súas actividades.



## Concello de Vigo

Segundo recolle os arts. 3 e 4 dos Estatutos da Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo", entre os fins e actividades da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- Fomentar o asociacionismo das persoas.
- Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, para a súa defensa.
- Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.
- Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.
- Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

### **CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA**

O vixente exercicio presupostario (2018) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2017, inclúe expresamente a partida 9240 4890006 "Convenio Asociación Agarimo", cunha dotación de 13.000,00 €.

### **DOCUMENTACIÓN**

A Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38<sup>a</sup>.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
  - Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 08/06/18.
  - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 27/04/2018.
  - Seguridade Social, de data 24/04/2018.
  - Concello de Vigo, de data 26/04/2018.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio e nomeamento da persoa responsable da sinatura do convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal que ostenta na actualidade a representación legal da entidade (anexo II).

3. Declaración responsable de cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social e de non estar incurso en incompatibilidades ou prohibicións (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Autorización expresa para consulta de certificación de non ter débedas (anexo V).
6. Certificación bancaria do número de conta da entidade ou asociación.
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) para cuxo desenvolvemento o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de aluguer e mantemento do seu local social, relaizados entre o 4 de novembro de 2017 ao 30 de setembro de 2018. O orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (04/11/17-30/09/18)	
Aluguer local	12.132,00 €
Subministrados auga	210,00 €
Energía eléctrica	630,00 €
Seguro	169,00 €
Lixo	170,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>13.311,00 €</b>

8. Contrato de aluguer do local social.
9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
  - a) Fundamentación, obxectivos e metas
  - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización, participantes asistentes
  - c) Lugar de realización
  - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
  - e) Recursos humanos e materiais
  - f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

### **ANTICIPO**

Atendendo ao disposto na Base da execución do presuposto nº 38.7, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique





## Concello de Vigo

o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando houberen solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

### **PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio desprega a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 30 de setembro de 2018, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 04/11/17 e o 30/09/18, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2018**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES 55 2080 0552 013040004976 (ABANCA), segundo código de conta cliente de data 20/10/2017, emitido pola entidade bancaria.

### **NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN**

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos presuposto.

### **RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 20.2 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18º da Resolución de delegacións do alcalde de data 19/06/2015, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte



## Concello de Vigo

### ACORDO

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR** o gasto por importe de 13.000 € (trece mil euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240.4890006, denominada “*Convenio Asociación Agarimo*”, incluída no vixente orzamento municipal.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” (CIF.- G-36821817), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o período comprendido entre o 04/11/17 e o 30/09/18, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONDECER** á referida entidade, unha subvención de 13.000 € (trece mil euros).

**TERCEIRO. - NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO “AGARIMO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezaioito

### REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D<sup>a</sup> Ana Gil Lodeiro, con DNI 35984887F, en calidade de Presidenta da “Asociación de Amas de Casa e Consumo - Agarimo ” (CIF: 36821817), con domicilio social na Rúa San Xosé, 22- baixo (esquina Travesía de Vigo, 46), de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 7988/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

## MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e de hixiene alimentaria, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito do consumo do termo municipal, sendo a Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" unha das máis importantes asociacións de consumidores e usuarios de Vigo.

III.- Que a entidade "*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*", de conformidade cos arts. 3 e 4 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Fomentar o asociacionismo das persoas.
- ✓ Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, par a súa defensa.
- ✓ Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.
- ✓ Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.
- ✓ Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- ✓ Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- ✓ Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.



## Concello de Vigo

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a “Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 519/97.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias, culturais e formativas planificadas para o ano 2017 e 2018, en particular, as realizadas entre o 4 de novembro de 2017 e o 30 de setembro de 2018, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada “Convenio Asociación Agarimo”, nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 13.000 €.

VII.- As actividades programadas pola Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo”, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social da entidade, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

- Charlas/coloquios/conferencias informativas sobre diferentes temas.
- Celebración do Día Internacional da Muller coa charla-coloquio “Mulleres que fan historia”.
- Actuacións da coral da asociación ao longo do ano 2018.
- Participación da coral no 12º festival de “Habaneiras” e no Festival de ACOPOVI (IFEVI) e no “Mar de Corais”.
- Representacións diversas do grupo de teatro da asociación.
- Visita/excursións: Talaso-Atlántico, excursión comercial ao Salón de Turismo, viaxe ao sur de Italia, Camariñas, viaxe termal Lalín e Ribeira Sacra, Pobo Aventura e Illas Cíes.
- Cursos: teatro, ximnasia de mantemento, bailes de salón, pilates, avellentamento activo, atención e memoria, manualidades, encaixe de bolillos, tapicería e patchwork, risoterapia e , psico-nutrición.
- Entroido- baile disfraces.
- Cea-Baile aniversario.

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas entre o 04/11/2017 ata o 30/09/2018, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (04/11/17-30/09/18)

Aluguer local	12.132,00 €
Subministros auga	210,00 €
Enerxía eléctrica	630,00 €
Seguro	169,00 €
Lixo	170,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>13.311,00 €</b>

IX.- Que a entidade *Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo"* non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo"*, o Concello de Vigo e a devandita asociación

conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociosanitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

### PACTOS

**Primeiro.**- A entidade "*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*" comprométese a colaborar coa concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto á correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.



## Concello de Vigo

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar tanta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*” unha subvención por importe de 13.000 € (trece mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada “*Convenio Asociación Agarimo*”, do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade entre o 04/11/17 e o 30/09/18, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da “*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*”.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.-** En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD

887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Sexto.-** A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

**Sétimo.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42.2.d) e ss. do RD 887/06, neste caso, se exonera á *Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo* da obriga de constitución de garantías, dado o carácter social do proxecto subvencionado, e a natureza de entidade non lucrativa da beneficiaria.

**Oitavo.-** A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre o 04/11/2017 ata o 30/09/2018.

**Noveno.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo"* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2018**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención





## Concello de Vigo

otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require **identificación e sinatura electrónica**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso e número total de participantes.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun “x” diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou **actividade non subvencionada xustificarse con copias simples de facturas polo resto do orzamento**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados achegaranse facturas **electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais** que deben cubrir como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:
  - Contrato de traballo
  - Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
  - Nóminas correspondente aos meses imputados.
  - Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
  - Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención



## Concello de Vigo

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

**Décimo.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES55 2080 0552 01 3040004976 (ABANCA).

**Décimo primeiro.-** Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo segundo-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 04/11/17 e o 30/09/18.

**Décimo terceiro.-** A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sétimo.-** A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de



## Concello de Vigo

decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

**Décimo oitavo.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos

non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo noveno.**- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Vixésimo.**- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2018, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2018.

### **178715).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO E MANCOMUNIDADE", PARA O FOMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL. EXPTE. 7987/320.**

Visto o informe xurídico do 18/06/18 e o informe de fiscalización do 28/06/18, dáse conta do informe-proposta do 25/05/18, asinado polo xefe do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado da Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 19/01/2018 (doc. 180012143), D. Alejandro Cabo Macías, en calidade de presidente da "Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad" (CIF: G-36801876) e na súa representación, achegou escrito solicitando a renovación do convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o fomento das súas actividades entre o 04/11/2017 ata 30/09/2018, que se concretará na axuda ao financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, necesarios para o desenvolvemento daquelas.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

## **COMPETENCIA MUNICIPAL**

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conteno financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, **a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.**

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, topamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade o pasado ano: 7570/320.

## **RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO**

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ),



## Concello de Vigo

correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.

### **MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA**

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2018) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2017, inclúe expresamente a partida 9240 4800003 “Convenio Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”, cunha dotación de 3.600,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a “Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 1216/14, segundo resolución da Alcaldía de data 16/05/2014.

### **OBXECTO DA SUBVENCIÓN**

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa “Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” para subvencionar os gastos de aluguer do local social, necesarios para levar a cabo as actividades , dirixidas a apoiar e promover empresas, apoiar o espírito emprendedor e as súas iniciativas, asesorar, informar..., programadas pola entidade dende o 4 de novembro de 2017 a setembro de 2018, en definitiva, para o fomento das súas actividades.

Segundo recolle o art. 10 dos Estatutos da “Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” contempla, os fins e actividades da entidade , que constitúen o seu obxecto social e cuxa realización se subvenciona con este convenio, todos eles de interese para

ciudadanía viguesa, como son promover vocacións empresariais, representar, xestionar e defender os intereses profesionais dos seus membros, estudar e apoiar proxectos, atender as necesidades de formación e información, asesoramento, investigación e perfeccionamento dos seus membros, cooperar con diferentes organizacións e promover a creación de emprego.

Neste caso, o obxecto do convenio e o fomento das actividades programadas pola entidade, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de aluguer do seu local social entre os meses de novembro – decembro de 2017 e xaneiro a setembro de 2018, situado na Rúa Marqués de Valladares nº 21 oficina 5-6, necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público e social.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovelas activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a “Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

#### **CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA**

Entre os recursos para o financiamento de actividades a entidades sen ánimo de lucro, figura no vixente orzamento municipal, a partida presupostaria nominativa nº 9240 4800003, denominada “*Convenio Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”, cunha dotación orzamentaria de 3.600,00 €.

#### **DOCUMENTACIÓN**

A “Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmentemente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
  - Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 26/04/18
  - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 26/04/18
  - Seguridade Social, de data 26/04/18
  - Concello de Vigo, de data 26/04/18

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de data 24/04/18, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro (anexo III)





## Concello de Vigo

4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Autorización expresa para a consulta de certificacións de non ter débedas (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII).

Proxecto de actividades da entidade para o ano 2018, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, realizados entre os meses de novembro de 2017 a setembro de 2018 (ámbolos dous incluídos). O orzamento de gastos de aluguer que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (novembro 2017 a setembro 2018)</b>	
Arrendamento local	3.300,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>3.300,00 €</b>

8. Contrato de aluguer do local social.
9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
  - a) Fundamentación, obxectivos e metas
  - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
  - c) Lugar de realización
  - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
  - e) Recursos humanos e materiais
  - f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

### **ANTICIPO**

Non se contempla a posibilidade de anticipo.

### **PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio desprega a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 30 de setembro de 2018, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 04/11/18 e o 30/09/18, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2018**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES68 2080 5000 6230 4033 4096 (ABANCA), segundo o anexo VI de data 24/04/2018.

#### **NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN**

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.



## Concello de Vigo

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos presuposto.

### RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 20.2 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18º da Resolución de delegacións do alcalde de data 19/06/2015, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 3.600 € (tres mil seiscentos euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240.4800003, denominada “*Convenio Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”, incluída no vixente orzamento municipal (2018), a favor da entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” (CIF.- G-36801876), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2018, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de aluguer do seu local social entre os meses de novembro de 2017 a setembro de 2018, situado na Rúa Marqués de Valladares 21 – 1º oficinas 5-6, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 3.600 € (tres mil seiscentos euros).

**TERCEIRO. - NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no

prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL NECESARIO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE**

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezaoto

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Alejandro Cabo Macías, con DNI 36163500W, en calidade de Presidente da “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” (CIF: G36801876), con domicilio social Rúa Marqués de Valladares 21 oficina 5-6, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta dos datos incorporados ao expte. 7987/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

### **MANIFESTAN**

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.



## Concello de Vigo

A tal fin, o Concello de Vigo reconece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioeducativas que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar asociacións destinadas a apoiar e promover empresas, apoiar o espírito emprendedor e as súas iniciativas, atendendo as súas consultas e canalizar as súas inquietudes mediante asesoramento e información para constituír unha empresa, orientación, oferta..., en definitiva, representar e defender os intereses dos empresarios de Vigo e Mancomunidade.

III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e Democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos mozos e mozas emprendedores e empresarios vigueses.

IV.- Que a entidade "*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidade*", de conformidade co art. 10 dos Estatutos, asume, entre os seus fins e tarefas, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- Promover vocacións empresariais.
- Representar, xestionar e defender os intereses profesionais dos seus membros.
- Estudar, apoiar e desenrolar proxectos concretos presentados polos seus socios.
- Servir de órgano de unión e coordinación entre os seus membros, fomentando o espírito de solidariedade entre os mesmos.
- Atender as necesidades de información, formación, asesoramento, investigación e perfeccionamento dos seus membros, estudando e divulgando cantos temas poidan afectar a este colectivo social e a os seus afiliados.
- Actuar en apoio a defensa da empresa galega, con independencia da Administración Pública e calquera grupo de presión o partido político.
- Fomentar e apoiar o sistema de libre iniciativa e a economía de mercado.
- Cooperar coas diferentes organizacións sociais en orden a conseguir un crecemento estable e un adecuado nivel de calidade de vida dentro do entorno de paz social necesaria.
- Promover a creación de emprego.

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 1216/14 no epígrafe 5.2.

VI.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” leve a cabo os proxectos e actividades planificadas para o 2018, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social, necesarios para o seu desenvolvemento.

VII.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4800003, denominada “Convenio Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” nominativa a favor da entidade, con unha asignación presupostaria de 3.600,00 €.

VIII.- As actividades programadas pola “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” para o 2018, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa Marqués de Valladares número 21, oficina 5-6, o son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

1. Vitaminas formativas
2. Talleres
3. Aula de emprendedores
4. Así lo hago
5. Tribuna de Líderes
6. Networking

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa Marqués de Valladares número 21, oficina 5-6, entre os meses de novembro 2017 a setembro de 2018, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, cuxa contía, segundo orzamento de gastos achegado, é:

<b>ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (novembro 2017 a setembro 2018)</b>	
Arrendamento local	3.300,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>3.300,00 €</b>

X.- Que a entidade “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” non incorra en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal,



## Concello de Vigo

autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

XI.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, educativo, ... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*", o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito de apoiar e promover empresas, apoiar o espírito emprendedor e as súas iniciativas, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

### PACTOS

**Primeiro.-** A entidade "*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*" comprométese a colaborar coa concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*" unha subvención por importe de 3.600 € (tres mil seiscientos euros), con

cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800003, denominada “*Convenio Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”, do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos aluguer do seu local social entre os meses de novembro de 2017 a setembro de 2018, situado na Rúa Marqués de Valladares número 21, oficina 5-6, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.**- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.**- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.





## Concello de Vigo

**Quinto.**- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Sexto.**- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, última modificación 20 de maio de 2016.

**Sétimo.**- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarase, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2018.

**Oitavo.**- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola "*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2018**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias simples** de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o



## Concello de Vigo

número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista da subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:
  - Contrato de traballo
  - Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
  - Nóminas correspondente aos meses imputados.
  - Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
  - Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarse fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións

ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

**Noveno.**- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES68 2080 5000 6230 4033 4096 (ABANCA).

**Décimo.**- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo primeiro.**- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 04/11/17 e o 30/09/18.

**Décimo segundo.**- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e



## Concello de Vigo

Distritos. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.**- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.**- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.**- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.**- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

**Décimo sétimo.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia;

os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo oitavo.**- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Décimo noveno.**- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2018, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2018.

**18(716).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA OPERARIO/A PEÓN, BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1 D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES PARA O SERVIZO DE LIMPEZA. EXPTE: 31835/220.**

Visto o informe de fiscalización do 26/06/18, dáse conta do informe-proposta de data 12/06/18, asinado pola da técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Persoal e Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 12/04/2018 e 24/05/2018, o Xefe do Servizo de Limpeza, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/dunha operario/a-peón para atender a carga de traballo que se require para o desenvolvemento das tarefas de conservación e mantemento que teñen encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 25/05/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha operario/a-peón por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 05/06/2018, o Técnico de Organización e Planificación emite informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.



## Concello de Vigo

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

#### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

#### **"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones lega-*

*les vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

## **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 158-operario-peón, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.





## Concello de Vigo

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do Servizo de Limpeza, así coma na instrución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de data 25/05/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha operario/a-peón, supón un gasto de **10.682,42 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **3.578,58 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

### IV. V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de operario-peón, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D. José Antonio Carrera Ferreira, con DNI \*\*\*\*\*220-M**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

O mesmo aceptou expresamente mediante escrito de data 15/05/2018, segundo consta no expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

#### **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **operario-peón**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Limpeza contidas no escrito do 12/04/2018 e 24/05/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **10.682,42 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. José Antonio Carrera Ferreira, con DNI \*\*\*\*\*220-M**, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.



## Concello de Vigo

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 158-operario-peón), sendo adscrito/a ao Servizo de Limpeza, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ó/á aspirante nomeado/a, ao Xefe do Servizo de Limpeza, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(717).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL, BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1 D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES PARA A ÁREA DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE: 32028/220.**

Visto o informe de fiscalización do 26/06/18, dáse conta do informe-proposta de data 12/06/18, asinado pola da técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Persoal e Xestión Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

1.- Con data 04/05/2018, o Xefe da Área de Política Social, coa conformidade da Concelleira-delegada da Área de Política Social, remiten oficio manifestando a urxente necesidade de entre outros dous/dúas auxiliares de administración xeral para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 16/05/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous/dúas auxiliares administrativos/as por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 05/06/2018, emítese polo Técnico de organización e planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:



## Concello de Vigo

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

### **"FD CUARTO.-**

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

### **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito do Xefe da Área de Política Social, coa conformidade da Concelleira-delegada de Política Social, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 16/05/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes



## Concello de Vigo

derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dous/dúas auxiliares administrativos/as para o Servizo de Benestar Social, supón un gasto de **22.865,98 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.019,88 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

### V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de auxiliar de administración xeral, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D. Diego Alfredo Dopico Furelos, con DNI \*\*\*\*\*386-A e D<sup>a</sup>. María Rial Rey, con DNI \*\*\*\*\*936-S**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os mesmos aceptaron expresamente mediante escritos de data 29 e 30/05/2018 optar ao referido nomeamento interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

### VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

## PROPOSTA DE ACORDO

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **auxiliares de administración xeral**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social contidas no escrito do 04/05/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **22.865,98 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. Diego Alfredo Dopico Furelos, con DNI \*\*\*\*\*386-A e D<sup>a</sup>. María Rial Rey, con DNI \*\*\*\*\*936-S**, na súa condición de seguinte aspirante nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 138-auxiliar), sendo adscrito/a ao Servizo de Benestar Social, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeado/as, ao Xefe do Servizo de Benestar Social, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**Acordo**





## Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(718).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DOUS/DÚAS OPERARIOS/AS PEÓNS, BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1 D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, TREBEP, PARA O PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS. EXPTE: 32075/220.**

Visto o informe de fiscalización do 28/06/18, dáse conta do informe-proposta de data 27/06/18, asinado pola da técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Persoal e Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- Con data 23/05/2018, o Xefe da Área de Fomento e o Concelleiro delegado de Fomento, limpeza e contratación, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas operarios/as-peóns para atender a carga de traballo que se require para o desenvolvemento das tarefas de conservación e mantemento que teñen encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 25/05/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous/dúas operarios/as-peón por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 15/06/2018, o Técnico de Organización e Planificación emite informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

##### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

#### **"FD CUARTO.-**

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la recon-***



## Concello de Vigo

***ducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”***

### **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 158-operario-peón, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito do Xefe do Servizo de Fomento e o Concelleiro delegado de Fomento, Limpeza e Contratación, así coma na instrución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de data 25/05/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### **IV. - Proposta de gasto:**

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dous/dúas operarios/as-peóns, supón un gasto de **21.364,84 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.157,16 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

### **V. - Verificación das listas de reserva:**

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de operario-peón, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **Currás Villar M.A., con DNI \*\*\*\*\*826-X e Amor Villar E., con DNI \*\*\*\*\*156-D**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os mesmos aceptaron expresamente mediante escrito de data 12/06/2018, segundo consta no expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro,



## Concello de Vigo

polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

### **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **operarios-peóns**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Parque Central de Servizos contidas no escrito do 23/05/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **21.364,84 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **Currás Villar M.A., con DNI \*\*\*\*\*826-X e Amor Villar E., con DNI \*\*\*\*156-D**, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 158-operario-peón), sendo adscrito/a ao Parque Central de Servizos, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de

descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ó/á aspirante nomeado/a, ao Xefe da Área de Fomento, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(719).- SOLICITUDE DO INCENTIVO Á XUBILACIÓN VOLUNTARIA E ANTICIPADA DO EFECTIVO CON NÚMERO DE PERSOAL 14077. EXPTE: 32197/220.**

Visto o informe de fiscalización do 28/06/18, dáse conta do informe-proposta do 2/07/18, asinado pola xefa de Negociado de Persoal-Seguridade Social, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Persoal e Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- A medio de instancia de data 12/03/201(doc. 180036619) o empregado municipal con nº de persoal 14077 e DNI \*\*\*\*\*289-F, solicita o abono a xubilación anticipada.

2.- Dito empregado solicitou a xubilación voluntaria con efectos do 07/07/2018 aportando informe de vida laboral, informe de simulación de xubilación da Tesorería Xeral da Seguridade Social, así como declaración xurada de conformidade cos datos que lle facilitou dito organismo, acreditando que cumpría os requisitos para acceder a dita situación, a cal foi autorizada por resolución do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal de data 14/06/2018 (expte. 32136-220)

3.- A regulación legal da xubilación ven recollida na Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do Sistema da Seguridade Social que efectuou unha modificación no relativo á xubilación anticipada, recollida no Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Seguridade Social, podendo os empregados municipais por vontade propia acceder á xubilación anticipada, sempre que reunan os requisitos legais necesarios para elo.

4.- A Corporación municipal en sesión de 28 de decembro de 1998, aprobou o vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello



## Concello de Vigo

de Vigo, onde no seu Capítulo IX Acción Social, no seu artigo 33 recollese este incentivo, que se transcribe literalmente:

*“Artigo 33.- Incentivos á xubilación anticipada.*

*A xubilación producirase ós 65 anos de idade sen prexuízo de prórroga no servizo que autorice a lexislación vixente.*

*A xubilación voluntaria antes de cumprir-la dita idade, e sempre que legalmente sexa posible, dara lugar a unha indemnización polos seguintes importes:*

*Se se xubila ós 60 anos: 1.500.000.- ptas.*

*Se se xubila ós 61 anos: 1.300.000.- ptas.*

*Se se xubila ós 62 anos: 1.00.000.- ptas.*

*Se se xubila ós 63 anos: 800.000.- ptas.*

*Se se xubila ós 64 anos: 600.000.- ptas.”*

4.- Con datas 17 e 21 de decembro de 2015, a Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Regulador, acordou o mantemento do artigo 33 así como fixar un criterio de cómputo de aplicación de proporcionalidade. A tal efecto, incorpórase copia de dita acta ao presente expediente.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

V. Lei 27/201, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

VI. Real decreto lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Seguridade Social.

VII. Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo (art. 33).

VIII. Os actos administrativos de contido económico deben ser obxecto da preceptiva fiscalización, de conformidade co establecido nos artigos 213 a 223 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Bases de execución dos Orzamentos Municipais para cada exercicio económico.

IX.

### CONCLUSION.-

Procede o outorgamento do incentivo á xubilación anticipada ao empregado 14077, por importe de 9.015,18 €, segundo informe de fiscalización favorable da Intervención Xeral de data 28/6/2018 e RC nº 57446.

### RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO:

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 22101610400 “Reserva para xubilación anticipada” por importe de 9.015,18 €, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**"Primeiro.-** Estimar a solicitude de incentivo á xubilación anticipada e acceder ao outorgamento con cargo a partida 22101610400, ao empregado municipal 14077, pola contía de 9.015,18 €.

**Segundo.-** Acordar que se proceda a súa inclusión na nómina municipal (v.ref. expte. 30171-220).

**Terceiro.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado, Intervención Xeral e Comité de Personal aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito."

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(720).- PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE BALTASAR PUJALES – BOUZAS. EXPTE. 3788/443.**

Visto o informe de fiscalización do 27/06/18, dáse conta do informe-proposta do 26/06/18, asinado polo xefe do Servizo administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico-Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- En desenvolvemento do Protocolo de Colaboración asinado o 20 de novembro de 2015 entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local, na sesión do 29 de decembro de 2017, acordou a aprobación do proxecto de "CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 4969/440". O mesmo foi asinado por ambas institucións con data 2 de xaneiro de 2018.

O obxecto do citado convenio é establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a realización das obras de renovación, actualización e mellora de diversas instalacións deportivas no termo municipal de Vigo, entre as que figura a "Renovación das instalacións de céspede sintético en campos de fútbol





## Concello de Vigo

municipais e a mellora dos sistemas de alumado artificial e instalacións técnicas” cun orzamento previsto total de 2.900.000,00 euros.

II.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2017 recolle dentro do programa 3420 “Instalacións deportivas” a aplicación orzamentaria 3420.632.00.14 (1ª ANUALIDADE CONVENIO DEPUTACIÓN INVESTIMENTO CAMBIOS DE CÉSPEDE C. FÚTBOL).

III.- A Concellería de Deportes, a través de dilixencia asinada polo xefe do Servizo de Deportes-Director Deportivo en data 09.04.2018, remite unha series de proxectos de obras redactados polos Arquitectos Municipais Juan Piñeiro e David Carvajal, entre os cales figura o “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE BALTASAR PUJALES - BOUZAS”, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS OITENTA E SETE MIL SETECENTOS VINTE E UN EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (387.721,11 €) de marzo de 2018 e data de sinatura dixital do 25/04/2018.

IV.- Por Decreto de Alcaldía de data 25.04.2018, delegouse no Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, tódalas atribucións precisas para a dirección política, xestión, seguimento, tramitación e execución necesarias das actuacións e proxectos do convenio de colaboración suscrito entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a mellora de instalacións deportivas no termo municipal.

V.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 30.04.2018, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento asinado en data 27.04.2018, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

VI.- A actuación desenrólase no campo de fútbol de Baltasar Pujales – Bouzas e comprende as seguintes actuacións:

- Previamente procederáse a retirada e acopio do material e mobiliario existente, para proceder a retirada do céspede e granulado de caucho. Posterior saneamento, nivelación e compactación do terreo existente, e aplicación de mezcla bituminosa unha vez preparada a base, colocaráse o pavimento deportivo céspede artificial composto de base elástica prefabricada e acabado de céspede artificial.
- Renovación de sistemas de alumado, para a mellora de eficiencia enerxética.
- Instalación de caldeira de biomasa para a produción de auga quente, mediante unidades modulares que conteñen caldeira, silo, interacumulador, cos seus correspondentes sistemas hidráulicos e cadros de manobra.
- Nova instalación de depósito de auga soterrado e conexión a rede de recollida de

augas pluviais incluída a parte proporcional, de canalización, e limpeza de sumidoiros existentes.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 60 días.

**VII.-** O Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo en sesión de data 28.04.2000, acordou: “outorgar ao Concello de Vigo concesión para ocupar unha superficie de terreo de dominio público portuario na explanada de Bouzas, dentro da zona de servizo do Porto de Vigo, con destino a instalacións deportivas”, con arreglo a determinadas condicións, entre as que se atopaban a execución do proxecto “instalacións complementarias no túnel da nova estrada de acceso ao Porto de Vigo, tramo Castrelos-Bouzas, reubicación de gardería e campo de fútbol” que supuxo a construción do Estadio de Fútbol Baltasar Pujales.

Entre as obrigas do concesionario atópanse a de conservar as obras e terreos, en perfecto estado utilización, limpeza, hixiene e ornato, realizando ao seu cargo as reparacións ordinarias e extraordinarias que sexan precisas

**VIII.-** O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 07.05.2018 informe sinalando o seguinte:

*“A vista de que as obras propostas segundo o presuposto adxunto, excluído o IVE é de 320.430,67 Euros, inferior a 500.000,00 Euros e segundo determina o art. 235 lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e que o proxecto presentado segundo a descrición do mesmo non afecta a estabilidade, seguridade e estanquidade da obra.*

*Polo tanto segundo determina o art. 235 da “Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014” non e preceptivo o informe de supervisión.*

*A súa vez tendo en conta as determinacións que fixa o art. 233.2 desta lei, os documentos a presentar poderán simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria descritiva e construtiva, prego de prescricións técnicas, estudo básico de seguridade e saúde, planos e orzamento.*

*Polo que o proxecto presentado, define as obras a executar e as mesmas con este documento poden ser executadas, segundo se determina no apartado 3.1, esta obra unha vez rematada, pode ser entregada para o seu uso de acordo o art. 125 do R.D. 1098/2001, Regulamento da lei de contratos”.*



**Concello de Vigo**

### **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contidos no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

Aprobar o “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE BALTASAR PUJALES - BOUZAS”, redactado polos Arquitectos Municipais Juan L. Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS OITENTA E SETE MIL SETECENTOS VINTE E UN EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (387.721,11 €) de marzo de 2018 e data de sinatura dixital do 25/04/2018.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **23(721).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SERVIZO DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. EXPTE. 8610/336.**

Visto o informe xurídico do 05/06/18 e informe de fiscalización do 21/06/18, dáse conta do informe-proposta do 30/05/18, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, e conformado pola concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

A Xunta de goberno Local, en sesión de 23 de marzo de 2015 adoptou o seguinte acordo: “Adu-dicar a Clece S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de Dinamización In-fantil ( expediente 4156-336 ), por un prezo para os catro anos de duración de 495.384,60€(IVE engadido)”.A data de formalización do contrato foi o 15/04/2015.

Para establecer a data dende a que procede a revisión tomarase a data do último día de presen-tación de ofertas ( 04/12/2014) e engádeselle 3 meses ( 04/03/2015) , sendo esta a data a parti-res da cal de aplicará a revisión do IPC, para o cal aplicaráselle a fórmula:

- Incremento do PIB ano  $n-1 < 2\%$ , a revisión será incrementándose un 0,4%.
- Incremento do PIB ano  $n-1 > 2\%$ , a revisión será incrementándose un 0,9%

Polo tanto, e a vista do anterior, a anualidade do contrato obxecto de revisión é de 123.846,15€/ano (10% ive incluído), 111.461,54 €/ano sen ive, e para proceder á **1ª revisión** do mesmo tomarase a referencia do incremento do PIB no ano 2015, o cal sitúase en un incremento do 3,4%. Ao ser a variación do PIB superior ao 2% (segundo o INE o PIB para o ano 2015 foi de 3,4%), corresponde un incremento do **0,9%**, que aplicado o prezo inicial do contrato, resulta un **prezo revisado de 124.960,77€/ano ive incluído, para as facturas do periodo 16 abril 2016/ 15 abril 2017, sendo o importe da revisión 1.114,62 €/ano.**

Para a **2ª revisión do contrato** tomarase como referencia o incremento do PIB no ano 2016, que segundo o INE foi de 3,3%, polo que sendo igualmente superior ao 2%, correspóndelle un incremento do **0,9%**; polo tanto o importe revisado do contrato é de **126.085,42€/ano ive incluído para as facturas do periodo 16 de abril 2017/ 15 de abril 2018 , sendo o importe da revisión 1.124,65€/ano.**

Para a **3ª revisión do contrato** tomarase como referencia o incremento do PIB no ano 2017, que segundo o INE foi de 3,1%, polo que sendo igualmente superior ao 2%, correspóndelle un incremento do **0,9%**; polo tanto o importe revisado do contrato é de **127.220,19€/ano ive incluído para as facturas do periodo 16 de abril 2018/ 15 de abril 2019 , sendo o importe da revisión 1.134,77€/ano.**

### **Cálculo dos atrasos**



## Concello de Vigo

### 1ª REVISIÓN PREZOS.-

Periodo 16 abril 2016 -15abril 2017 ( 11 meses ) = **1.114,62€**

Periodo 16 abril 2017 -165 abril 2018 ( 11 meses)= **1.114,62€**

Periodo 16 de abril 2018-31 de maio 2018 ( 1,5 meses)= **151,99 €** ( 1.114,62 €/ano:11x1,5)

**TOTAL A REGULARIZAR = 2.381,23€**

### 2ª REVISIÓN PREZOS.-

Periodo 16 de abril 2017- 15 de abril 2018: **1.124,65 €/ano**

Periodo 16 de abril 2018-31 de maio 2018: **153,36 €** ( 1.124,65 €/ano:11x1,5)

**TOTAL A REGULARIZAR = 1.278,01€**

### 3ª REVISIÓN DE PREZOS

Periodo 16 de abril 2018 - 31 de maio 2018: **154,74 €** ( 1.134,77 €/ano:11x1,5)

**Total atrasos 1º, 2º e 3ª revisión 16/04/2016 – 31/05/2018 = 2.381,23 € +1.278,01 € + 154,74 € = 3.813,98 €.**

Dito importe regularizase unha vez que aprobe o expediente a Xunta de Goberno Local.

**A factura mensual a partir da aprobación do acordo da revisión pola XGL será de 11.565,47€/mes ( 127.220,19 € / ano :11 meses ).**

Polo exposto anteriormente, previo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

#### ACORDO:

1. “Aprobar a 1ª Revisión do prezo do contrato servizo de Dinamización Infantil fixando o mesmo a partires do 16 abril 2016 ata o 15/04/2017 en **124.960,77 €/ano ive incluído**.
2. Aprobación a 2ª Revisión de prezos do contrato servizo de Dinamización Infantil fixando o mesmo a partires do 16/04/2017 ata 15/04/2018 en **126.085,42 €/ ano ive incluído** .
3. Aprobar a 3ª Revisión de prezo do contrato servizo de Dinamización Infantil fixando o mesmo a partires do 16/04/2018 ata o 15/04/2019 en **127.220,19 €/ano ive incluído**.
4. Aprobar en concepto de atrasos correspondentes á 1ª,2ª e 3ª revisión de prezos para o periodo 16/04/2016 ata 31/05/2018 o importe de **3.813,98 €**, segundo o cadro que se achega.

	Periodo 16/04/2016 – 15/04/2017	Periodo 16/04/2017- 15/04/2018	Periodo 16/04/2018- 31/05/2018	TOTAL
1ª Rev	1.114,62 €/ano	1.114,62 €/ano	151,99 € (1.114,62 €/ano:11x1,5)	<b>2.381,23 €</b>
2ª Rev		1.124,65 €/ano	153,36 € ( 1.124,65 €/ano :11x1,5)	<b>1.278,01 €</b>
3ª Rev			154,74 € (1.134,77 €/ano : 11x1,5)	<b>154,74 €</b>
<b>TOTAL ATRASOS 1ª,2ª e 3ª REV PREZOS PERIODO 16/04 – 31/05/2018</b>				<b>3.813,98 €</b>

5. Aprobar o importe de 11.565,47€/ mes ( 11 meses ), correspondente á facturación mensual a partir da aprobación do presente acordo.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(722).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez